

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN CELANOVA O 20 DE OUTUBRO DE 2025, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se dispón o cese de Francisco Menéndez Iglesias como director da Axencia Galega de Infraestruturas.
- Decreto polo que se nomea directora da Axencia Galega de Infraestruturas a María Deza Martínez.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Decreto polo que se declara ben de interese cultural o Conxunto de pinturas murais do antigo Restaurante Fornos ou Murais do Fornos, sito na cidade da Coruña.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Acordo polo que se toma razón da construción dun parque canino en Ourense.
- Acordo polo que se toma razón do inicio da tramitación do Convenio entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e o Concello de Ourense para o desenvolvemento dun proxecto piloto de refuxios climáticos en Ourense.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura das addendas aos convenios de colaboración entre o Consorcio Galego de Igualdade e Benestar e vinte concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, para o financiamento da construción/reforma e/ou ampliación de centros de día/residencias de maiores, en desenvolvemento do Plan de investimentos para a construción, reforma ou ampliación de equipamentos sociais públicos municipais, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea, NextGeneration EU, nos exercicios 2024 e 2025, cun importe total de dezasete millóns trinta e sete mil oitocentos cincuenta e un euros con oitenta e sete céntimos (17.037.851,87 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación das obras do proxecto de urbanización da modificación do Plan parcial SUR I2-I3-I4 do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) de San Cibrao das Viñas (Ourense), por un importe de licitación de nove millóns oitocentos sesenta e seis mil setecentos cincuenta e tres euros con corenta e sete céntimos (9.866.753,47 €).

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba o trámite de información pública e informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado para a mellora da seguridade viaria na OU-540, na Manchica, cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de setecentos oito mil catrocentos corenta e tres euros con oitenta e nove céntimos (708.443,89 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se toma razón da posta en marcha da unidade de ictus no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO).
- Acordo polo que se declaran determinadas zonas farmacéuticas como especiais, en atención ás súas características xeográficas e sanitarias.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e Redes de Comunicación Galegas (Retegal), S.A., para a ampliación, operación e xestión da Rede de vixilancia dos espazos forestais de Galicia, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da política agraria común (PEPAC) 2023-2027, por un importe de dous millóns douscentos vinte e cinco mil cento sesenta e cinco euros con trinta e sete céntimos (2.225.165,37 €).
- Acordo polo que se toma razón do pagamento dos anticipos das axudas directas da política agraria común (PAC) 2025.

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe da situación do Complexo Lúdico Deportivo de Monterrei.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Informe do balance sobre as actuacións financiadas pola Dirección Xeral de Administración Local na provincia de Ourense, a través das liñas de axudas dirixidas a concellos nos anos 2024-2025, especial referencia aos proxectos estratéxicos na provincia.
- Informe sobre os avances na constitución da Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT) da Raia Seca entre a deputación e concellos galegos e de Portugal.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre as actuacións hidráulicas na provincia de Ourense.
- Informe balance de actuacións nos parques naturais da provincia de Ourense 2025.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Informe de diagnose da convivencia e hábitos sociais 2025.
- Informe sobre o Centro Galego da Innovación da Formación Profesional Eduardo Barreiros, motor da I+D+i da formación profesional galega.
- Informe sobre a mellora das infraestruturas educativas na provincia de Ourense dentro do Plan de nova arquitectura pedagóxica.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Informe sobre as actuacións de obra e equipamento nos centros públicos da Consellería de Política Social e Igualdade na provincia de Ourense.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe balance sobre a iniciativa Conecta Ourense, ano 2025.
- Informe balance sobre o programa Galicia avanza, ano 2025.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre as actuacións en materia de vivenda e urbanismo en Ourense e provincia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Informe sobre a próxima licitación da obra de acondicionamento da OU-540, treito Celanova-Bande, por un importe de seis millóns seiscentos vinte e catro euros con sesenta e sete céntimos (6.000.624,67 €).
- Informe sobre a próxima licitación da obra de actualización do proxecto de fomento da mobilidade sostible Nova senda na OU-402, treito Reza pp.qq. 1+090-3+780, cun orzamento base de licitación, IVE incluído, dun millón cincocentos doce mil cincocentos sesenta e catro euros con cinco céntimos (1.512.564,05 €).
- Informe sobre a redacción do proxecto de trazado para o acondicionamento da estrada OU-533 entre A Gudiña e Viana do Bolo, cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de quince millóns douscentos quince mil cento quince euros (15.215.115,00 €).
- Informe sobre o acordo de aprobación polo Consello da Xunta de Galicia do trámite de información pública e informe das administracións afectadas e definitivamente do proxecto de trazado Rolda leste de Ourense, treito Bemposta - N-525, cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de oito millóns sete centos noventa e catro mil trescentos corenta e catro euros con quince céntimos (8.794.344,15 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre as obras en infraestruturas de atención primaria da provincia de Ourense.
- Informe sobre o Convenio tipo de colaboración entre a Consellería de Sanidade e os concellos para a execución das medidas previstas no Plan integral extraordinario de autocontrol nas augas de consumo humano afectadas por mor dos incendios forestais.
- Informe sobre o Convenio tipo de colaboración entre a Consellería de Sanidade e as comunidades de usuarios de abastecemento de auga para consumo humano para a execución das medidas previstas no Plan integral extraordinario de autocontrol nas augas de consumo humano afectadas por mor dos incendios forestais.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Informe sobre as actuacións na Catedral de San Martiño de Ourense.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre o proxecto Fixar na provincia de Ourense: *coliving* de Sende, en Lobeiras.
- Informe sobre as contratacións do Programa de fomento do emprego no rural (Aprol rural) no ano 2025.
- Informe sobre os polos de emprendemento na provincia de Ourense: Baños de Molgas, O Barco, O Carballiño e Verín.
- Informe sobre o desenvolvemento do proxecto piloto de dinamización comercial Vilas vivas en Ribadavia.
- Informe sobre os programas de retorno da Secretaría Xeral de Emigración na provincia de Ourense.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre o Convenio entre a Consellería do Medio Rural e a Comunidade de Regantes Nova Limia para subvencionar a viabilidade financeira das actuacións inherentes ao proxecto de mellora para o aproveitamento en regadío das 42 captacións de augas subterráneas na Limia.
- Informe sobre o protocolo de colaboración entra a Consellería do Medio Rural e a Deputación de Ourense en materia de prevención de incendios forestais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA ACORDA O NOMEAMENTO DE MARÍA DEZA COMO NOVA DIRECTORA XERAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS EN SUBSTITUCIÓN DE FRANCISCO MENÉNDEZ

- María Deza Martínez, licenciada en Dereito pola Universidade de Vigo e ata a data deputada no Parlamento autonómico, tomará posesión mañá
- Toma o relevo de Francisco Menéndez, que cesa a petición propia

O Consello da Xunta acordou hoxe o nomeamento de María Deza Martínez como nova directora da Axencia Galega de Infraestruturas, dependente da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, en substitución de Francisco Menéndez, que cesa a petición propia.

María Deza Martínez (1981) tomará posesión mañá. É licenciada en Dereito (pola rama económica empresarial) pola Universidade de Vigo e posúe un máster en Economía e Xestión da construción, especialidade en Xestión Inmobiliaria e Urbanística pola Universidade da Coruña. Ata agora, voceira e primeira tenenta de alcalde no Concello de Sanxenxo.

Estreouse como deputada no Parlamento polo grupo do PPdeG pola provincia de Pontevedra na actual Lexislatura, ata a data voceira na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos e vicepresidenta na Comisión 6ª de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

Deza toma o relevo no cargo de Francisco Menéndez Iglesias, que cesa por petición propia despois de 11 anos no cargo. Nado en 1979, é enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos pola Universidade da Coruña.

Menéndez comezou a súa traxectoria na Administración en Augas de Galicia, onde se incorporou no 2007, ano en que pasou a ser nomeado xefe de sección da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH). Ocupou este posto ata 2010, momento no que foi nomeado presidente / director de Augas de Galicia. Desde xullo do 2014 ata hoxe vén ocupando o cargo de director de la Axencia Galega de Infraestruturas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA BEN DE INTERESE CULTURAL OS MURAIIS DE LUGRÍS NA RÚA OLMOS DA CORUÑA

- O Consello dá o visto e praxe á proposta de decreto para recoñecer as doce obras coa máxima protección polo seu valor cultural sobranceiro
- A resolución valora que o conxunto pictórico merece formar parte do patrimonio máis senlleiro galego pola súa calidade e contexto artístico
- A declaración farase oficial nos vindeiros días coa publicación no *Diario Oficial de Galicia*
- Con esta aprobación, xa son 792 os bens de interese cultural existentes en Galicia

A Xunta de Galicia declara ben de interese cultural os murais de Urbano Lugrís da rúa Olmos da Coruña, na categoría de monumento, pola alta calidade artística das obras, que ademais foron realizadas por unha das personalidades máis destacadas da arte galega. Así se acordou no Consello, onde se lle deu o visto e praxe ao decreto co que se recoñece o valor sobranceiro do conxunto mural, merecedor de contar coa máxima protección da Comunidade.

A declaración, que se fará oficial nos vindeiros días coa súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, valora que as 12 obras que compoñen o conxunto mural merecen formar parte do patrimonio cultural sobranceiro da Comunidade pola súa calidade e contexto artístico e para garantir a súa conservación e proxección cara ás futuras xeracións.

Neste senso, o expediente pon en valor que se trata dun conxunto artístico complexo e cun carácter excepcional no cal a pintura e a arquitectura forman parte dun todo único e só como tal pode comprenderse na súa auténtica dimensión artística. Así mesmo, recoñécese o carácter excepcional destas pezas dentro de toda a produción artística de Urbano Lugrís ao no se conservar ningún conxunto desta natureza que dea testemuño do nivel que chegou a adquirir no ámbito da composición e da creatividade na decoración de interiores.

Por outro lado, tense en conta que este conxunto é a representación máis evidente das experiencias persoais e culturais que marcaron a definición dun estilo propio e único, xa que reflicten os diferentes mundos do universo lugrisiano anteriores a outras influencias aprendidas. Neste senso, cómpre destacar que o pintor deseñou estas pinturas para o Restaurante Fornos, un popular local que forma parte da identidade coruñesa e da súa memoria social que xa existía no século XIX, e que o conxunto de pezas formaba parte deste antigo local de hostalaría que ocupaba os andares baixo e primeiro de ambos os dous inmobles.

Trátase dun total de 12 pezas que presentan diferentes estados de conservación e nas que se representan estampas como a mariña coruñesa, fondos mariños con peixes, algas, sereas ou medusas; motivos mariñeiros como barcos, veleiros, áncoras ou galeóns ou panorámicas da cidade, entre outros temas. Así, entre os elementos que aparecen

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

representados destacan a Torre de Hércules, a antiga Comandancia da Mariña da Coruña ou o Castelo de Santo Antón.

Con esta aprobación, xa son 792 os bens de interese cultural existentes en Galicia, unha cifra que reflicte o importante compromiso do Goberno por protexer, conservar e pór en valor o patrimonio sobranceiro da Comunidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E O CONCELLO DE OURENSE PROMOVEN A CONSTRUCCIÓN DUN PARQUE CANINO URBANO

- O Executivo autonómico comprometeuse a promover parques caninos nas sete grandes cidades que, por contaren con máis poboación, son tamén os municipios nos cales se ten identificado unha necesidade maior destes espazos dotacionais
- Este parque canino localizarase nun espazo público —o parque Angelita Paradela— que, na actualidade, funciona como zona verde de espaxamento veciñal, en terreos cedidos polo Concello que, ademais, tamén facilitará os permisos municipais necesarios para a obra e se fará cargo do seu posterior mantemento e xestión
- O Concello de Ferrol foi a primeira entidade municipal en amosar interese por esta iniciativa e, de feito, logo de asinar o convenio de colaboración, xa puxo á disposición os terreos necesarios para acometela e as obras comezarán proximamente

A Xunta e o Concello de Ourense impulsarán xuntos a construción dun gran parque canino na cidade, o primeiro destas características promovido polo Goberno autonómico na cidade. O acordo materializarase a través dun protocolo de colaboración que asinarán a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e o Goberno ourensán, tras recibir hoxe o visto e prace do Consello.

A existencia destes lugares facilita o desenvolvemento das obrigas dos propietarios de animais de compañía xa que neles poden socializar con outros da súa especie e transitar con liberdade baixo a supervisión dos seus coidadores e coidadoras, en condicións de seguridade e sen causar danos ou molestias a ninguén, o que reforzará a súa atención, saúde e benestar.

Nesa liña, cómpre lembrar que o Executivo autonómico se comprometeu a promover parques caninos nas sete grandes cidades que, por contaren con máis poboación, son tamén os municipios nos cales se ten identificado unha necesidade maior destes espazos dotacionais.

A primeira entidade local en manifestar o seu interese por colaborar e beneficiarse desta iniciativa da Xunta foi o Concello de Ferrol, que xa asinou o convenio correspondente e puxo á disposición os terreos necesarios para poder facelo realidade. De feito, agárdase que, en breve, se poidan iniciar os traballos construtivos no polígono de Catabois.

O parque canino de Ourense, polo tanto, será o segundo en concretarse tras o acordo acadado entre a Administración local e a autonómica. Localizarase nun espazo público —o parque Angelita Paradela— que, na actualidade, funciona como zona verde de espaxamento veciñal, en terreos cedidos polo Concello, que ademais tamén facilitará os permisos municipais necesarios para a obra e farase cargo do seu posterior mantemento e xestión. O Executivo galego, pola súa parte, asumirá a redacción do proxecto e a posterior construción desta infraestrutura recreativa.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O espazo proxectado ocupará unha superficie construída de aproximadamente 2.100 metros cadrados e, na falta de que se concreten os detalles de deseño no proxecto, estará equipado con diferentes elementos destinados a garantir o descanso, lecer e exercicio físico dos animais de compañía, así como o mobiliario necesario para os seus propietarios e propietarias.

Por último, cómpre subliñar que as cidades de Lugo, Pontevedra e Santiago de Compostela tamén amosaron o seu interese por contar cunha infraestrutura destas características nos seus respectivos concellos e actualmente a Consellería está analizando as propostas municipais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA NA CIDADE DE OURENSE A CREACIÓN DOS PRIMEIROS REFUXIOS CLIMÁTICOS DE GALICIA

- O Consello autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e o Concello para o deseño e execución deste proxecto piloto
- Recorrerase á plantación de árbores e a outras solucións naturais concibidas para combater os efectos do quecemento global na capital ourensá, escollida entre todas as urbes galegas por ser a que soporta as temperaturas máis extremas de Galicia
- Cun investimento total de 450.000 euros, a iniciativa enmárcase no Plan galego de refuxios climático e o obxectivo é trasladar os seus resultados ao resto de concellos para que poidan realizar as mesmas accións ou adaptalas aos seus territorios
- A previsión é que esta experiencia piloto, que o Goberno local propón centrar na avenida Otero Pedraio, comece en decembro e estea rematada a finais de 2026

Ourense será a cidade galega escollida pola Xunta para impulsar a creación dos primeiros refuxios climáticos de toda Galicia, entendidos como espazos cunha relativa estabilidade climática e condicións ambientais favorables que os converten en lugares idóneos para combater as altas temperaturas e ofrecer protección á poboación.

A decisión plasmarase antes de que remate o ano na sinatura dun convenio entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e o Concello de Ourense, un acordo de colaboración que foi autorizado hoxe polo Consello da Xunta.

Trátase dunha experiencia inédita en Galicia e que se baseará no recurso á plantación de árbores, principalmente autóctonas, e na aplicación doutras solucións baseadas na natureza (como xardíns verticais ou elementos de auga) para combater os efectos do quecemento global nesta cidade, escollida por ser a que soporta as temperaturas máis extremas da comunidade e que se caracteriza, ademais, por ter un clima moi extremo, con invernos fríos e veráns moi cálidos durante os que a media das temperaturas máximas supera os 30 °C tanto en xullo como en agosto.

Cun investimento total de 450.000 euros, cómpre lembrar que o proxecto piloto que se levará a cabo en Ourense está enmarcado no Plan galego de refuxios climáticos e permitirá darlle continuidade e aplicación práctica ao convenio asinado a mediados do pasado mes de xuño entre a Universidade de Vigo, o Concello de Ourense e a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

O principal obxectivo deste primeiro convenio foi abordar o deseño, a montaxe e a proba dun dispositivo capaz de elaborar un mapa detallado coa localización das illas de calor existentes nos concellos—é dicir, zonas cunha elevada acumulación de radiación no asfalto e no formigón— co fin de definir e executar, a continuación, unha experiencia piloto a nivel local. Agora, cando os traballos por parte dos investigadores da Universidade de Vigo para desenvolver o mapa de illas de calor a nivel municipal xa están moi avanzados, a Xunta dá un paso máis para garantir que antes de que remate o ano se poida empezar a traballar no deseño e na execución dos primeiros refuxios climáticos na cidade de Ourense.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

De feito, a previsión é que esta segunda fase do proxecto poida empezar a desenvolverse a finais de 2025, cunha análise preliminar do deseño das medidas que se van executar en Ourense e o compromiso de ter finalizados os traballos para a creación dos refuxios climáticos na cidade antes de que remate 2026.

Polo momento e tendo en conta a proposta feita polo Concello de Ourense e avalada pola UVigo, as actuacións proxectadas realizaranse na avenida Otero Pedraio, eixe principal de comunicación viaria no sector oriental da urbe. Esta zona carece na actualidade de arboredo de sombra consolidado, o que xera a exposición directa á radiación solar ao longo do día, especialmente en fachadas con orientación sur e sueste.

As actuacións propostas consisten en artellar un corredor verde lineal entre as rotondas norte e sur da citada avenida, o que permitirá reducir a temperatura superficial local arredor dos 3 °C.

Para valorar a importancia desta iniciativa, cómpre lembrar que a existencia de refuxios climáticos e a aposta polos espazos verdes é vital para contar con lugares frescos e zonas de sombra para acoller a poboación máis vulnerable. De feito, o deseño dos refuxios climáticos precisa dun enfoque integral que teña en conta a adaptación dos ecosistemas ao quecemento global e a mellora da calidade de vida da cidadanía coa habilitación de espazos verdes frescos, saudables e funcionais.

Estes espazos verdes de nova creación, ademais de contribuíren a facer fronte ás vagas de calor cada vez máis frecuentes a nivel global, converteranse tamén nun elemento clave para velar pola biodiversidade da contorna, ao asegurar a conservación das especies autóctonas e a continuidade dos procesos ecolóxicos.

Información compartida e reproducible

Os resultados obtidos co desenvolvemento do proxecto piloto de Ourense poranse á disposición dos concellos de máis de 20.000 habitantes co fin de que poidan avalialos e lles sirva de guía para que poidan reproducir o modelo ou facer algo semellante adaptado ao seu territorio no caso de que o consideren oportuno. Este traballo complementará, ademais, o realizado pola Universidade de Vigo para o desenvolvemento dunha metodoloxía propia para elaborar mapas de calor e localizar refuxios climáticos.

Deste xeito, ambas as ferramentas facilitaranlles ás administracións locais galegas o deseño de proxectos de fomento das infraestruturas verdes e solucións naturais en espazos urbanos e periurbanos para facer fronte aos efectos do cambio climático, iniciativas coas cales, ademais, poderán optar a axudas económicas por parte da Xunta. Así, no marco da primeira convocatoria destas subvencións, este ano outorgáronse 42 achegas a 35 concellos por un importe total de 2 millóns de euros.

Ademais, co obxectivo de converter os concellos en lugares máis verdes, adaptados ao cambio climático e cunha mellor calidade de vida, a Consellería tamén traballa noutras dúas liñas de actuación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por un lado, a coordinación das actuacións municipais neste eido e a busca de sinerxías a través da Rede local polo clima, posta en marcha en 2024, e por outro, a implicación da mocidade na busca de solucións aos retos do cambio climático grazas ás actividades deseñadas baixo o paraugas do programa Mocidade polo clima.

Todos estes elementos son básicos para consolidar a posición de Galicia como a Comunidade española máis resiliente, un liderado que confirma o feito de que lograse reducir as súas emisións netas un 61,7 % desde 1990, ano de referencia a nivel mundial para as políticas climáticas, e siga avanzando cara ao obxectivo de acadar a neutralidade climática no horizonte do ano 2040, compromiso incluído no proxecto da Lei do clima, que se atopa actualmente en tramitación no Parlamento galego.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PRORROGA ATA XUÑO DE 2026 OS CONVENIOS COS CONCELLOS PARA FINANCIAR A CONSTRUCIÓN OU A MELLORA DE RESIDENCIAS DE MAIORES E CENTROS DE DÍA MUNICIPAIS

- O obxectivo é facilitarlles aos entes locais a finalización das obras que teñen en marcha e que suporá a creación de máis de 650 novas prazas residenciais e de atención diúrna
- Con este plan de investimentos destínanse 18,5 M€ a mellorar os equipamentos sociais dunha vintena de municipios

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de addendas aos convenios de colaboración asinados pola Consellería de Política Social e Igualdade con diversos concellos para a construción, reforma ou ampliación de centros sociais para as persoas maiores de titularidade municipal. Deste xeito, a vixencia inicial dos acordos, prevista ata o 31 de decembro deste ano, esténdese ata o 30 de xuño de 2026.

O obxectivo da ampliación destes convenios é facilitarlles aos concellos a culminación dos proxectos iniciados, que suporán a creación de máis de 550 novas prazas residenciais públicas e arredor de 120 de atención diúrna. Esta medida afecta 20 dos 24 acordos subscritos e correspóndense con aqueles concellos que pediron a prórroga. Isto supón un reaxuste nas anualidades dos convenios, que non varía os fondos asignados a cada proxecto.

A través deste plan de investimentos, acordado coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), a Xunta pon á disposición dos concellos 18,5 millóns de euros de fondos europeos do Mecanismo de recuperación, transformación e resiliencia do programa NextGenerationEU. Nestes momentos, está en marcha a construción de doce novas residencias, a reforma ou ampliación doutras seis, a creación de catro centros de día, as obras dun centro social e dun recurso de atención integral con servizos residenciais e de día.

En canto á localización das actuacións, 16 están en municipios da provincia de Ourense, tres en concellos da Coruña, outros tres na provincia pontevedresa e dous na de Lugo. Os concellos son os encargados de contratar e executar os proxectos, así como de executar os servizos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Os vinte concellos afectados por estas prórrogas son os seguintes:

CONCELLO	DESCRIPCIÓN PROXECTO	IMPORTE DE FINANCIAMENTO
A Teixeira	Construción de residencia	1.200.000,00 €
Chandrea de Queixa	Reforma ou ampliación de residencia	361.094,92 €
Os Blancos	Construción de mini-residencia	1.200.000,00 €
Manzaneda	Reforma da residencia municipal	304.865,85 €
Dozón	Construción de residencia e centro de día	1.500.000,00 €
Toques	Construción de centro de día	283.324,87 €
Piñor	Construción de residencia	1.199.849,09 €
Riotorto	Construción de residencia	1.200.000,00 €
Laza	Construción de residencia	1.200.000,00 €
A Gudiña	Construción de fogar residencial	469.727,78 €
Trasmiras	Construción de residencia	1.200.000,00 €
Xunqueira de Ambía	Construción de residencia	1.200.000,00 €
Fornelos de Montes	Construción de fogar residencial	1.085.305,08 €
Sobrado	Construción de centro de día	348.572,37 €
A Peroxa	Construción de residencia	1.200.000,00 €
Vilamarín	Construción de centro de día	599.810,61 €
Boimorto	Reforma e ampliación da residencia municipal	500.000,00 €
Crecente	Reforma ou ampliación de residencia	500.000,00 €
Abadín	Construción de residencia	1.200.000,00 €
Carballada de Avia	Construción de centro social	285.301,30 €

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA A LICITACIÓN DAS OBRAS DE AMPLIACION DO PARQUE EMPRESARIAL DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS QUE INCREMENTARÁN EN MÁIS DE 340.000 M² A SÚA SUPERFICIE

- A actuación, cun investimento global de 17,8 millóns de euros, permitirá que o solo empresarial estea a disposición das empresas no ano 2028
- A Xunta avanza nos prazos de execución das obras, unha vez que se licitaron os traballos de saneamento do río Barbaña e a nova depuradora, necesaria para acometer a ampliación desta infraestrutura
- San Cibrao das Viñas, con 5.700 habitantes, supón un exemplo da xestión do solo industrial, xa que o 71% das súas empresas están en parques e suman unha facturación de 1.660 millóns de euros, ademais de xerar 5.718 empregos directos
- O Goberno galego avanza na promoción de solo empresarial na provincia de Ourense, con actuacións que suman máis de 2,7 millóns de metros cadrados

O Consello da Xunta aprobou na reunión celebrada hoxe o proxecto polo que se autoriza a licitación das obras do proxecto de urbanización da ampliación do parque empresarial de San Cibrao das Viñas (Ourense), que suporá incrementar en 341.542 metros cadrados a superficie actual e que está previsto que estean a disposición das empresas no ano 2028.

Con esta autorización, a Xunta poderá licitar os traballos para a súa adxudicación no primeiro semestre do 2026 e comezar a execución a continuación, que ten un prazo previsto de 18 meses. Deste xeito, se agarda o seu remate para finais do ano 2027, co obxectivo de que os empresarios interesados poidan dispoñer das parcelas no ano 2028.

O Goberno galego, a través da sociedade Xestión do Solo de Galicia (Xestur), promove este proxecto de urbanización do plan parcial Sur I2, I3 e I4 do plan Xeral de Ordenación Municipal de San Cibrao das Viñas, tras a súa aprobación definitiva polo Concello o pasado 11 de setembro, e conta cun orzamento global de 17,8 millóns de euros.

A Xunta impulsa unhas obras necesarias para atender as demandas do tecido empresarial diante da falta de solo industrial na comarca de Ourense. As actuacións a levar a cabo permitirán urbanizar 5 grandes mazás que segundo a demanda dos empresarios poderá dividirse en parcelas que irán dos 1.400 m² ata os 68.000 m² como máximo. Inclúirá un área de equipamentos para dar servizos aos núcleos de poboación mais cercanos, así como zonas verdes situadas no perímetro do ámbito do polígono que servirán de barreira visual e protexerán o entorno rural e as zonas residenciais máis próximas.

O actual parque empresarial de San Cibrao dispón de máis de 3,2 millóns de metros cadrados de solo industrial que están a piques de se esgotar. Conta con 223 empresas asentadas no seu ámbito, que xeran 5.500 postos de traballo directos e unha facturación que supera os 1.800 millóns de euros. Ademais, no concello atópanse os

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

parques empresariais de Barreiros, a Central de Transportes e o Parque Tecnolóxico de Galicia.

Nova depuradora

Coa licitación aprobada hoxe no Consello, o Goberno galego acelera os prazos de execución das obras de ampliación do parque empresarial de San Cibrao despois de que o Boletín Oficial del Estado (BOE) publicase o pasado 24 de setembro a licitación das obras de saneamento do río Barbaña e a mellora da EDAR (Estación Depuradora de Augas Residuais) de San Cibrao, unha actuación imprescindible para poder abordar a ampliación do parque empresarial.

O Concello de San Cibrao, lindeiro co de Pereiro de Aguiar, conforman o cinto industrial da comarca de Ourense. A pesares de que apenas suman uns 12.500 habitantes, representan o 40% do emprego total das empresas da comarca e o 38% do volume de negocios das entidades mercantís. Na actualidade máis de 320 empresas están asentadas no polígono de San Cibrao e xeran máis de 6.247 postos de traballo directos, fronte aos 5.718 habitantes do último censo.

Máis de 3 millóns de m² en Ourense

A execución das obras de urbanización deste parque empresarial ven a sumarse a estratexia da Xunta para ampliar o solo industrial na comarca de Ourense e no conxunto da provincia. Actualmente están en tramitación a redacción dos PEOSE (Plan Estructurante de Ordenación de Solo Empresarial) dos parques empresariais de O Carballiño-Maside, Paderne de Allariz e Pereiro de Aguiar, así como as obras de execución do parque empresarial de Xinzo de Limia.

En total, serán máis de 2,7 millóns de metros cadrados de solo empresarial os que se porán a disposición das empresas nos próximos anos na provincia ourensán, de acordo coa estratexia de impulsar solo industrial nas grandes áreas industriais, pero tamén naquelas comarcas do interior para fomentar o reequilibrio territorial e frear o seu despoboamento.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA PREVÉ 32 M€ PARA INFRAESTRUTURAS VIARIAS NA PROVINCIA DE OURENSE

- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas salienta que estas actuacións amosan o compromiso do Executivo autonómico “con vertebrar Galicia, dinamizar o rural e comunicar a comunidade con Portugal”
- O Consello aproba a contratación por 6 M€ das obras para ampliar a capacidade e funcionalidade da estrada OU-540 entre Celanova e Bande
- A Xunta avanza na supervisión do proxecto de acondicionamento da OU-533 entre A Gudiña e Viana do Bolo, que suporá un investimento de 15,2M€
- O Goberno galego publicará mañá no Diario Oficial de Galicia a aprobación definitiva do proxecto de trazado da Ronda Leste de Ourense, entre Bemposta e a estrada N-525, que conta cun investimento de 8,8M€
- Aprobado proxecto de trazado da mellora da seguridade da OU-540 na Manchica, no concello da Merca, cun investimento de case 800.000€
- O Executivo acorda a licitación por máis de 1,5M€ das obras da nova senda da estrada OU-402 en Reza, no concello de Ourense

O presidente Alfonso Rueda anunciou hoxe que o Consello da Xunta deu luz verde a un investimento de máis de 32 millóns de euros en infraestruturas viarias na provincia de Ourense, a través de cinco grandes actuacións, que se enmarcan no esforzo orzamentario que está a realizar o Goberno galego “para seguir apostando por dotar aos cidadáns das mellores comunicacións”.

A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María M. Allegue, detallou as actuacións, que inclúen a nova Ronda Leste de Ourense, entre Bemposta e a N-525, ademais de intervencións que se desenvolverán nas estradas OU-540 e OU-533 e unha senda peonil na OU-402. “Isto amosa o noso compromiso con vertebrar Galicia, vertebrar esta provincia, dinamizar o rural e comunicar a Galicia interior con Portugal”, indicou.

Mellora OU-540 entre Celanova e Bande

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación, por importe de 6 M€ das obras de mellora da estrada OU-540, entre Celanova e Bande. Este é o primeiro tramo da fase inicial da actuación proxectada nesta vía autonómica, que ten como obxectivo ampliar a capacidade e funcionalidade da OU-540, no tramo que rexistra unha maior intensidade de tráfico, de 2.630 vehículos ao día, e que se prevé desenvolver na seguinte fase ata a Baixa Limia e a fronteira portuguesa.

En concreto, esta nova intervención comprende o treito de algo máis de 14 km de lonxitude da OU-540 Celanova- Bande, entre Celanova e Bande.

A Xunta prevé licitar nas vindeiras semanas esta actuación, e en paralelo convocará os actos de levantamento de actas de ocupación das expropiacións, co obxectivo de iniciar as obras deste primeiro treito no primeiro semestre de 2026.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste caso, as obras neste primeiro treito da OU-540, que vai desde o punto quilométrico 25+470 e ata o 39+560. Incluirá a execución dun carril adicional na marxe dereita da estrada, ao seu paso por Vereá, de case 2,5 km. Tamén se prevé un carril adicional na marxe esquerda da vía, ao paso polo termo municipal de Bande, de 1,1 km. Ademais, o proxecto que se licitará recolle a mellora de interseccións, como é o caso dunha prevista en Bande norte, así como a execución de sendas peonís para favorecer os desprazamentos a pé dos veciños nos núcleos de Carballo e de Agreló, en Vereá.

Estas actuacións completaranse coa mellora do firme alí onde sexa necesario e coa limpeza e despexe das marxes para favorecer a visibilidade.

Acondicionamento OU-533 entre A Gudiña e Viana do Bolo

O Consello da Xunta avaliou hoxe informe sobre a redacción do proxecto de trazado para o acondicionamento da estrada OU-533 entre A Gudiña e Viana do Bolo, que suporá un investimento superior aos 15,2 millóns de euros.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a través da Axencia galega de infraestruturas, está a avanzar xa na supervisión do proxecto de trazado elaborado tras o estudo previo realizado nesta estrada, que identificou os treitos prioritarios de actuación.

A OU-533 ten unha lonxitude de algo máis de 50 quilómetros, comunicando a N-525 na Gudiña coa N-120 na Rúa. O citado estudo propoñía o acondicionamento da OU-533 ata conseguir uns parámetros de trazado homoxéneos, mellorando os actuais e permitindo unha condución cómoda, segura e axeitada á velocidade establecida de 90 km/h.

En concreto, o treito obxecto dos traballos de redacción que avaliou hoxe o Goberno galego correspóndese co treito prioritario determinado no estudo previo, e que se corresponde co tramo da OU-533 entre A Gudiña e Viana do Bolo. O obxectivo é actuar nesta zona, de 15 quilómetros de lonxitude, na que practicamente non se poden realizar adiantamentos.

Para acadar este obxectivo no proxecto, o departamento de Infraestruturas da Xunta propónse executar unha actuación integral de acondicionamento na OU-533, neste treito comprendido entre A Gudiña e Viana do Bolo, co obxectivo de mellorar a seguridade viaria, incrementar a capacidade e facilitar os adiantamentos nesta vía e de importancia estratéxica para o sur da provincia de Ourense. Así, deséñase un novo trazado sobre a base da estrada actual, realizando a mellora de interseccións, e habilitando carrís adicionais de adiantamento.

Coas actuacións propostas auméntanse os tramos con terceiros carrís de adiantamento, pasando dunha lonxitude actual total de 760 metros en sentido crecente (sentido A Rúa) e 600 metros en sentido decrecente (sentido A Gudiña), a unha lonxitude futura de 2.600 metros en sentido crecente e 4.460 metros en sentido decrecente. Para elo constrúense novos carrís adicionais, que son os seguintes: en

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

sentido Viana, do pq 0+380 ao pq 1+330 (950 m); e en sentido A Gudiña, do pq 2+730 ao pq 6+830 (4.460 m).

Ademais de nestes carrís adicionais, debido á mellora do trazado tamén aumenta a lonxitude con posibilidade de adiantamento.

O proxecto propón un treito de actuación de especial intensidade, cunha variante de trazado entre os puntos quilométricos 5+000 e 7+100, resultando unha nova plataforma duns 1.250 m de lonxitude, é dicir, reducirase a lonxitude en algo máis de 700 metros deste treito de estrada.

En canto á seguridade viaria, mellórase a seguridade de 8 interseccións nas que se proxecta a disposición de novos carrís centrais de espera. Ademais, configúrase en 6 dos casos a intersección para que se poida realizar un cambio de sentido con seguridade.

E, finalmente, previse a extensión dunha nova capa de rodaxe en toda a plataforma da estrada (calzada + beiravías), renovando por completo o pavimento do tramo de proxecto.

A Xunta ten como obxectivo aprobar provisionalmente o proxecto de trazado a finais deste ano ou principios de 2026, para sometelo á información pública.

OU-540 A Manchica

O Consello da Xunta autorizou tamén hoxe o proxecto de acordo polo que se aproba o trámite de información pública e informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado da mellora da seguridade viaria na estrada OU-540 na Manchica, no concello da Merca, que suporá un investimento autonómico de case 800.000€.

O Goberno galego prevé seguir avanzando na tramitación deste proxecto coa realización do levantamento de actas previas a finais deste ano.

O proxecto hoxe aprobado comprende un conxunto de intervencións centradas na mellora das interseccións e a reordenación dos accesos da OU-540 na contorna da Manchica, no concello da Merca.

Entre as actuacións previstas, figura a creación dunha glorieta na confluencia da estrada con outros viarios provinciais (OU-0201 e OU-0202) para canalizar a circulación con maior seguridade e facilitar o acceso á autovía AG-31, así como a habilitación dun novo acceso ao principal ámbito de solo urbano núcleo da Manchica, conectando esta estrada co viario interior do chan urbano (rúa Val do Seixo).

Os traballos complétanse con reforzos de firmes noutros tramos, renovación de beirarrúas, actuacións de reposición da sinalización, alumeado e dos servizos afectados no treito de actuación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, habilitaranse sendas peonís en ambas marxes noutro dos tramos de actuación para garantir a seguridade dos colectivos máis vulnerables.

Estas intervencións enmárcanse na aposta da Xunta por continuar mellorando esta estrada que vertebra a comarca da Baixa Limia e supón a vía de conexión entre esta provincia de Ourense e Portugal.

Ronda Leste

O Goberno galego avanzou hoxe a publicación mañá no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) da aprobación definitiva do proxecto de trazado da Ronda Leste de Ourense, que une Bemposta coa estrada N-525, que contará cun investimento de 8,8M€ e discorrerá polos concellos de Ourense e San Cibrao das Viñas. “Reducirá o tráfico no casco urbano e acurtará de xeito notable o tempo de viaxe entre Bemposta e a autovía das Rías Baixas”, salientou o presidente.

Trátase de avanzar nunha nova estrada de 1,5km que une a estrada OU-105 en Bemposta coa N-525 e completará a circunvalación polo sur da cidade conectando coa A-52. A publicación deste acordo do Goberno galego supón un paso importante que incorpora a actuación ao planeamento urbanístico, que permite iniciar o procedemento expropiatorio e que antecede á aprobación do proxecto de construción, último paso previo á licitación das obras no 2026.

A estrada parte da glorieta existente na confluencia da estrada OU-105 coa OU-510, no núcleo de Bemposta, e desde este punto discorrerá en sentido suroeste para terminar no enlace coa N-525, dende o que se accede á autovía A-52.

Deste xeito, completárase un viario de circunvalación perimetral da cidade de Ourense de acordo coa previsto no Plan Sectorial Viario de Ourense e a súa contorna. Os traballos terán un prazo de execución de 24 meses.

Esta actuación reducirá o tempo de viaxe, cun importante acurtamento na distancia de percorrido ata a autovía A-52, pasando de 7 minutos e 4,6 km que son necesarios a día de hoxe entre Bemposta e a N-525 a pouco máis de 1 minuto e 1,7 km de lonxitude.

A intervención tamén suporá un reforzo da seguridade viaria, cunha aposta pola calidade de vida dos veciños ao sacar tráfico do centro de Ourense, desconxestionando o tránsito de rúas como Marcelo Macías ou a Avenida de Zamora.

O treito que se construírá entre Bemposta e a N-525 contará con dous carrís, un por cada sentido, de 3,5 metros cada un, e beiravías de 1,50 metros. Nas zonas de maior pendente haberá un carril adicional.

Este trazado precisa de importantes estruturas ao longo do quilómetro e medio do seu percorrido, como un paso inferior no cruce onde pasa a liña de ADIF existente e actualmente en proceso de ampliación; un viaduto de 80 metros de lonxitude sobre o Río Barbaña; e un paso superior para dar acceso á EDAR San Cibrao.

Estas estruturas amosan a complexidade do trazado, polo que houbo que realizar adaptacións para buscar a mellor solución.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por outra banda, respecto do trazado hai que sinalar tamén que o acceso á glorieta existente na N-525 dende ou cara á N-525/OU-525 se redefina mediante a execución de dous ramais: o ramal sur parte dende a estrada OU-525 mediante un carril de deceleración de 425 m, e o ramal norte, que parte da glorieta existente, baixando ata a N-525 e entroncando co carril adicional que permite a entrada a Expourense.

Cómpre sinalar que trala a análise dos informes, alegacións e certificados presentados, acordouse modificar a zona do enlace da Rolda leste coa N-525/OU-525 tendo en conta o Plan Parcial SUR-T1 do concello de San Cibrao das Viñas, así como o establecido no Plan Sectorial da Rede Viaria de Ourense.

Senda Reza

Por outra banda, o Consello da Xunta acordou hoxe a aprobación da licitación por un importe de 1.512.564 euros das obras da nova senda na estrada autonómica OU-402 en Reza, no concello de Ourense. Trátase de executar o proxecto reformulado para habilitar unha senda peonil continua de case 2,7 km pola marxe dereita desta vía autonómica, amosando o mesmo a vontade de diálogo permanente da Xunta para acadar unha solución satisfactoria e que minora no posible as afeccións.

Así, baixo este contrato, executarase na OU-402 un itinerario entre os puntos quilométricos 1+060 e 3+290, que permita conectar os treitos illados de beirarrúas existentes e as edificacións dispersas, para que os veciños poidan realizar os desprazamentos a pé de xeito máis cómodo e seguro.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas prevé licitar as obras na primeira quincena de novembro, para poder iniciar a súa execución na primavera do 2026 . A actuación ten un prazo de execución de 12 meses.

Esta nova senda estenderase desde a intersección coa rúa Portalón ata o aparcadoiro situado no quilómetro 3+290 da estrada. Pola marxe esquerda realizaranse, ademais, pequenas actuacións puntuais relacionadas coa nova posición dos pasos de peóns ou das paradas de autobús acordadas.

O itinerario peonil adaptarase ao trazado da vía, tanto en planta como no alzado, mantendo unha beiravía de 0,50 metros. Executarase en formigón desactivado e con bordo elevado sobre a vía.

Atendendo ás consideracións feitas previamente polos veciños e para minimizar afeccións aos peches, a senda oscilará entre os 1,8 e os 3 metros de ancho, en función das edificacións lindeiras. Tamén nun pequeno treito (entre o punto quilométrico 2+050 e o 2+200) modificarase lixeiramente o trazado da estrada, movendo 1 metro o eixe para evitar afectar aos peches.

A intervención levarase a cabo de xeito coordinado coa dotación de bandas de aparcadoiro en liña na marxe dereita que eviten que os vehículos paren invadindo o recorrido peonil.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cumprindo coas demandas veciñais no momento da redacción deste novo proxecto, reubicaranse varias paradas de autobús tamén na marxe contraria á senda, para que a subida e a baixada de viaxeiros se faga sen interrupcións. Ademais, disporanse 6 novas marquesiñas.

A intervención que se licitará atende tamén ás alegacións recibidas para reducir a afección a varias fincas mediante a substitución dun terraplén por un muro entre os puntos quilométricos 1+075 e 1+150, e axústase o ancho da senda entre os quilómetros 1+380 e 1+445.

A obra completarase con traballos adicionais de mellora dos sistemas de drenaxe, a preinstalación de canalizacións de servizos, sistemas de contención, construción de muros ou reforzo da sinalización.

Con esta intervención complétase a execución de máis de 16 quilómetros de sendas nas estradas autonómicas da comarca de Ourense, con 8 M€ de investimento, traballos aos que hai que sumar o investimento mobilizado para conformar a nova senda peonil e ciclista que vertebrará de norte a sur a cidade entre a estación intermodal, a Ponte Vella e Expourense, a través da avenida das Caldas e do Barbaña.

O Goberno galego continúa mellorando a rede viaria autonómica para reforzar a seguridade viaria e a comodidade dos usuarios, así como para impulsar unha mobilidade máis sustentable.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PORÁ EN MARCHA O 1 DE NOVEMBRO UNHA UNIDADE DE ICTUS NO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE OURENSE

- A unidade contará con 6 camas de hospitalización con monitorización e estará composta, inicialmente, por 2 neurólogos e 4 profesionais de enfermaría da unidade de hospitalización, ademais de 2 técnicos en coidados auxiliares de enfermaría
- Nos anos 2023 e 2024 activáronse na área sanitaria de Ourense 233 e 251 códigos de ictus, respectivamente, e a tendencia demográfica da poboación ourensá apunta a un incremento na incidencia
- Con esta nova unidade de ictus de Ourense, xa son cinco os hospitais da rede do Servizo Galego de Saúde que contan con esta prestación
- O establecemento en Galicia de cinco gardas presenciais simultáneas as 24 horas do día os 365 días do ano supón un grande avance na atención ao ictus na nosa comunidade

A Xunta porá en marcha o vindeiro 1 de novembro a Unidade de Ictus do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, que contará con seis camas de hospitalización con monitorización multiparamétrica non invasiva.

O Executivo galego abordou na súa reunión semanal a posta en marcha desta nova unidade da rede do Servizo Galego de Saúde, na cal a Xunta leva traballando máis de dous anos para poñela en funcionamento.

Unha unidade de ictus é unha estrutura xeograficamente delimitada para o coidado dos pacientes con esta enfermidade, con criterios de ingreso preestablecidos, monitorización continua non invasiva multiparámetro e persoal adestrado e especificamente dedicado, e baixo a coordinación de neurólogos expertos que colaboran con outras especialidades médicas relacionadas.

Conta con persoal e servizos diagnósticos dispoñibles as 24 horas do día, vías clínicas e protocolos para o manexo dos pacientes baseados nas evidencias científicas máis actualizadas.

En concreto, a unidade que se vai abrir en Ourense estará composta, inicialmente, por dous neurólogos (máis outro de garda) e catro profesionais de enfermaría da unidade de hospitalización, para a atención de maior complexidade dos pacientes ingresados en todas as quendas, todos os días da semana. Tamén contará con dous técnicos de coidados auxiliares de enfermaría para a atención de doentes con alto nivel de dependencia.

A Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras presta atención sanitaria a máis de 295.000 pacientes, dos cales o 32 % ten 65 anos ou máis. A tendencia demográfica da poboación ourensá apunta a un incremento na incidencia do ictus

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

isquémico e a indicación de tratamento activo tamén ten unha tendencia crecente, abranguendo un rango de pacientes cada vez máis alto. En concreto, nos anos 2023 e 2024 activáronse nesta área 233 e 251 códigos ictus, respectivamente.

No momento actual, implantada xa desde o mes de maio a garda de presenza física de Neuroloxía no Hospital Universitario de Ourense, o diagnóstico de tipo de ictus e a indicación de fibrinólise está a cargo dos neurólogos. A monitorización posterior á fibrinólise está a facerse na UCI ata que se poña en marcha a nova unidade o vindeiro 1 de novembro.

Na actualidade, o Servizo de Neuroloxía da área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras conta cun xefe de servizo e 12 facultativos.

O avance realizado no tratamento na fase aguda do ictus, fundamentalmente a organización da asistencia urxente, o manexo dos pacientes en unidades de ictus e as terapias de reperusión no ictus isquémico agudo permitiron mellorar o prognóstico funcional dos pacientes.

Cinco unidades en Galicia

Con esta nova unidade de ictus de Ourense, xa son cinco os hospitais da rede do Servizo Galego de Saúde que contan con esta prestación, posto que xa a tiñan os hospitais públicos universitarios da Coruña, de Santiago de Compostela, de Vigo e de Lugo. Todos estes centros contan, ademais, con gardas presenciais de neuroloxía as 24 horas do día, en concreto: desde o ano 2022 os hospitais da Coruña, de Santiago de Compostela e de Vigo; e desde este ano os hospitais de Lugo e o de Ourense.

En consecuencia, o establecemento de cinco gardas presenciais simultáneas as 24 horas do día os 365 días do ano supón un grande avance na atención ao ictus ao garantir a presenza física de especialistas no propio centro hospitalario durante todo o día, xa que a atención presencial permite unha valoración clínica máis completa, unha comunicación máis fluída co paciente e co equipo médico, así como unha maior capacidade de actuación inmediata.

Código Ictus

Denomínanse ictus as alteracións transitorias ou definitivas do funcionamento dunha ou varias áreas do encéfalo (cerebro, cerebelo, tronco cerebral) que aparecen como consecuencia dun trastorno da circulación sanguínea rexional, ben por déficit desta (isquemia) ou ben por hemorraxia.

O Plan de asistencia ao ictus en Galicia (Código ictus) elaborouse no ano 2016 co fin de homoxeneizar a atención ofrecendo unha adecuada asistencia sanitaria coa máxima seguridade ás persoas que sofren esta patoloxía no menor tempo posible e de xeito equitativo para toda a cidadanía galega.

No ano 2023 actualizouse o plan como consecuencia do proceso de mellora continua, promovido polos últimos avances no diagnóstico por neuroimaxe e polas melloras no tratamento endovascular, e incorporouse toda a nova práctica baseada na evidencia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA 29 ZONAS FARMACÉUTICAS ESPECIAIS PARA FACILITAR A VIABILIDADE DE BOTICAS RURAIS E GARANTIR O ACCESO DA POBOACIÓN A ESTE SERVIZO

- A Consellería de Sanidade e os colexios oficiais de farmacéuticos de Galicia acordaron os criterios para identificar unha serie de localidades con características particulares de tipo xeográfico, demográfico e sanitario
- Rueda salienta que 18 desas zonas pertencen á área sanitaria de Ourense e o resto, á de Lugo
- Anuncia que o Executivo galego lanzará no 2026 unha nova liña de axudas para apoiar ás boticas rurais cun orzamento de case 100.000 euros

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que o Consello aprobou hoxe declarar 29 zonas farmacéuticas especiais que "contarán con apoios e medidas específicas para facilitar a viabilidade das boticas rurais". "O obxectivo é garantir a prestación farmacéutica a todos os galegos, vivan onde vivan", indicou.

En colaboración cos catro colexios oficiais de farmacéuticos de Galicia e na procura de manter unha prestación farmacéutica de calidade e próxima ás diferentes áreas de atención continuada (PAC), o Executivo galego acordou establecer unha listaxe de localidades nas cales concorren unha serie características xeográficas, demográficas e de tipo sanitario.

Así, tal e como explicou o presidente, 18 destas zonas corresponden a área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras e oito á área de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos. En concreto, establécense como zonas farmacéuticas especiais: A Gudiña, A Mezquita, A Peroxa, A Teixeira, As Nogais, A Veiga, Baleira, Baltar, Calvos de Randín, Carballada de Valdeorras, Castrelo do Val, Cervantes, Chandrexa de Queixa, Folgoso do Courel, Larouco, Laza, Manzaneda, Montederramo, Muras, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz, O Bolo, Ourense, Parada de Sil, Pedrafita do Cebreiro, Ribeira de Piquín, Samos, San Xoán de Río e Vilariño de Conso.

Para a súa consideración como zonas farmacéuticas especiais, os colexios oficiais de farmacéuticos de Galicia e a Consellería de Sanidade acordaron unha serie de criterios, entre os cales se atopan: que a zona conte cunha densidade de poboación igual ou inferior a 10 habitantes por km² e que dispoña dunha única oficina de farmacia; que todos os establecementos farmacéuticos da zona estean en situación de viabilidade económica comprometida ou, no caso das farmacias do rural, que non resulte posible a rotación de quendas de garda.

O acceso da poboación rural aos medicamentos e produtos farmacéuticos permite manter un nivel de atención sanitaria semellante á dos núcleos urbanos, e este representa un dos puntos considerados clave para o mantemento e a consolidación da poboación no ámbito rural.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por este motivo, a declaración de zona farmacéutica especial suporá, entre outras cousas, a posibilidade de aplicar condicións especiais de distancia e tempo de acceso á oficina de farmacia durante a prestación do servizo de garda ou a opción de adoptar medidas especiais en relación coa prestación de atención farmacéutica nas residencias sociosanitarias de menos de 100 residentes.

Ademais, Rueda anunciou que a “Xunta convocará en 2026 unha liña de axudas específica para garantir a viabilidade das boticas rurais instaladas nunha destas zonas especiais”. Esta primeira orde contará cun investimento de 99.600 euros para o ano 2026.

Coa declaración das zonas farmacéuticas especiais, a Xunta continúa a impulsar novas medidas que inciden na mellora do sistema sanitario público galego, garantindo un servizo farmacéutico de calidade, máis sostible e que dá resposta ás necesidades do conxunto da poboación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA A REDE DE VIDEOVIXILANCIA FRONTE OS INCENDIOS CUN TOTAL DE 237 CÁMARAS EN 109 PUNTOS DISTRIBUÍDOS POR TODO O TERRITORIO FORESTAL GALEGO

- A Consellería do Medio Rural, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e Redes de Telecomunicación Galegas asinarán un convenio para ampliar a Rede de vixilancia de espazos forestais de Galicia cun investimento de máis de 2,2 M€ ata 2027
- A principal novidade é que se instalarán 56 novas cámaras en 19 bases aéreas e centros vinculados a incendios dependentes da Consellería
- Desde 2018, esta rede case triplicou o número de cámaras e localizacións, pois inicialmente estaba formada por 88 aparatos en 44 puntos diferentes

A Consellería do Medio Rural, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e Redes de Telecomunicación Galegas (Retegal) asinarán un convenio para a ampliación, operación e xestión da Rede de vixilancia de espazos forestais de Galicia, que contribúe na loita contra os incendios. O Consello da Xunta avaliou hoxe o proxecto de acordo desta colaboración que permitirá reforzar esta rede de videovixilancia para chegar ata un total de 237 cámaras en 109 puntos distribuídos por todo o territorio galego.

En total, esta ampliación suporá un investimento de máis de 2,2 millóns de euros ata o ano 2027, cofinanciados co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan Estratéxico da PAC (Pepac) 2023-2027.

A principal novidade é que se instalarán 56 cámaras en 19 bases aéreas e centros de titularidade pública xestionados pola Dirección Xeral de Defensa do Monte, entre as que se atopan espazos como o Centro Integral de Loita contra o Lume (CILL) de Toén, a base de Botos de Lalín ou a nova base de unidades operativas de Rianxo.

Canto á distribución territorial dos 109 centros de telecomunicacións, 23 están na provincia da Coruña (3 deles novos), 22 na de Lugo (4 deles novos), 42 na de Ourense (8 deles novos) e 22 na de Pontevedra (4 deles novos). O convenio tamén inclúe a instalación, mantemento e operación técnica dos elementos tecnolóxicos necesarios para levar a cabo esta vixilancia, así como doutras cuestións vinculadas coa súa operatividade.

Unha rede implantada no ano 2018

A Rede de vixilancia dos espazos forestais de Galicia implantouse no 2018, formada inicialmente por 88 cámaras instaladas en 44 localizacións, coa finalidade de facilitar as tarefas de vixilancia do monte galego e a detección temperá de incendios. É dicir, esta rede case triplicou o número de cámaras e localizacións en apenas sete anos, cun investimento de máis de 5,5 millóns de euros ata o día de hoxe.

As cámaras contan cunha tecnoloxía de última xeración en formatos pedestal e domo, especialmente deseñada para exteriores e vixilancia forestal, con zoom remoto,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

movemento horizontal e vertical, rotación nos 360° automática e baixo demanda, visión panorámica e altas capacidades de gravación. En caso de detectarse lumes, permiten a visualización en directo e o seguimento da súa evolución en tempo real, sendo un mecanismo de apoio á toma de decisións durante a súa extinción.

Á hora de establecer a localización das cámaras tívose en consideración o feito de que proporcionen cobertura visual das zonas nas que se rexistra unha maior actividade incendiaria, con especial atención ás Parroquias de Alta Actividade Incendiaria (PAAI) e ás zonas de alto risco de incendios (ZAR).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PAGARÁ ESTE MES CASE 44M€ DO ANTICIPO DA PAC AOS AGRICULTORES E GANDEIROS GALEGOS

- Estes fondos corresponden á solicitude única de 2025 e distribúense en 10,3 millóns de euros para o vacún de carne e 33,6 para o de leite, que supoñen o 70% do previsto para ambas liñas de apoio
- Neste ano, estes pagos se executan en outubro, ademais de ser o maior importe dos últimos anos neste mes
- O resto de pagos directos da campaña 2025 da PAC serán aboados a partir do día 1 de decembro, pagándose nese mesmo mes o 90% do orzamento das axudas directas e os pagos seguirán a partir de xaneiro, de maneira que o prazo final de pago sexa, a máis tardar, o 30 de xuño de 2026

A Consellería do Medio Rural, a través da Dirección Xeral da PAC e do Control da Cadea Alimentaria, vai executar na última semana deste mes de outubro o anticipo dos pagos da Política Agraria Común (PAC) referidos á solicitude única de 2025, que ascenden a un total de 43,9 millóns de euros, distribuídos do seguinte xeito: 10,3 millóns para vacún de carne e 33,6 millóns para vacún de leite, o que supón o 70% do previsto para ambas liñas de apoio. Así se traslada dun informe elevado hoxe a Consello da Xunta.

Cómpre poñer en valor que en poucas veces estes pagos se executaron en outubro, e ademais supón o maior importe dos últimos anos neste mes. En 2024 pagáronse 43 millóns de euros, en 2023 pouco máis de 2 millóns e en outubro de 2022 non se pagou nada, pagouse en novembro. O resto dos pagos comezará a aboarse a partir do vindeiro día 1 de decembro, consonte á normativa vixente, de maneira que na primeira quincena dese mes pagarase ata o 90% do orzamento total e os pagos continuarán durante 2026 ata o 30 de xuño. En total, Galicia recibirá máis de 180 millóns de euros para as axudas directas nesta campaña da PAC, que a maiores dos diferentes pagos directos (fondos Feaga), incluírán tamén axudas agroambientais e Zonas con Limitacións Naturais (fondos Feader).

Este adianto ten como fin proporcionar un fluxo de efectivo para axudar aos agricultores e gandeiros a facer fronte aos seus gastos operativos durante o presente ciclo agrícola. A campaña 2025 da PAC comezou o día 6 de marzo coa apertura do prazo para presentar a solicitude única, que remataba inicialmente o 30 de abril pero, debido á complexidade da propia solicitude, ampliouse ata o 31 de maio.

Apoio aos agricultores e gandeiros

A PAC é unha política común de todos os países da UE que se dirixe fundamentalmente ao sector agrario e ao medio rural. A súa base xurídica recóllese no propio Tratado de funcionamento da UE e orzamentariamente constitúe a principal política da Unión. A PAC facilita estabilidade nos ingresos, proporciona seguridade e mellora a rendibilidade do sector agrario, ao mesmo tempo que garante que os prezos non repercutan directamente sobre o consumidor.

Tendo en conta todo isto, desde a Xunta de Galicia manifestouse xa publicamente en reiteradas ocasións o rexeitamento ao regulamento da nova Política Agraria Común

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

presentado pola Comisión Europea a partir de 2028, xa que supón unha redución de fondos para a nosa comunidade de polo menos un 20% e define unha arquitectura baseada nun fondo único para os estados membros que non blinda todas as medidas da PAC. O documento presentado pola Comisión supón o desmantelamento do modelo actual da PAC, baseado en dous piares con dous fondos diferenciados e que permite asegurar a renda dos agricultores e, ao tempo, fomentar o desenvolvemento rural.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO INFORMA DA ADXUDICACIÓN DA FASE DÚAS DO PARQUE ACUÁTICO DE MONTERREI POR 1,87 M€

- Esta nova fase enmárcase no acordo asinado entre Xunta e Deputación de Ourense para garantir o remate do parque acuático de Monterrei cun investimento de case 3,6 millóns de euros que sufragará a institución provincial
- A Xunta leva investidos neste complexo preto de 9 millóns de euros para un investimento total no parque de 13 millóns de euros entre ambas institucións
- Ademais vense de recepcionar a obra relativa á substitución da pista de atletismo do complexo deportivo que será homologada nas vindeiras datas

O Consello da Xunta informou da situación do Complexo Deportivo de Monterrei, sito no Concello do Pereiro de Aguiar (Ourense). Neste sentido, a fase dúas do parque acuático acaba de ser adxudicada por un importe de 1,87 millóns de euros e consistirá na creación dun espazo de relax e esparexemento, coa construción dun río lento que envolve certas áreas de estar ou de paseo no medio dunha gran zona verde. Prevese que a obra comece en decembro, cun prazo de execución de seis meses para que as novas instalacións estean en uso o vindeiro verán.

Esta nova fase enmárcase no acordo asinado entre a Xunta e a Deputación de Ourense para garantir o remate do parque acuático de Monterrei, cun investimento de case 3,6 millóns de euros por parte da institución provincial. Deste xeito, a fase licitada complementará as anteriores, situándose a carón da 1ª, 3ª e 4ª, e consolidará un gran complexo lúdico-deportivo que reúna nun mesmo centro a zona deportiva e a zona acuática lúdica e de relax para o uso público. Na campaña de verán de 2024 o parque acuático contou cuns 100.000 usuarios e neste 2025 rexistráronse 80.000 accesos.

O orzamento global desta área deportiva e de lecer ascenderá a preto de 13 millóns de euros, dos cales nove foron sufragados pola Xunta. Convértese así nun amplo complexo lúdico-deportivo onde se integran dúas zonas diferenciadas e complementarias. Por unha banda, unha zona deportiva con pista polideportiva, pistas de tenis, pádel, circuíto de cross e pista de *pump track*, executada nunha fase previa cun investimento superior ao millón de euros e, por outra, o parque acuático, do cal financiou integramente a primeira fase con 7,8 millóns de euros para a construción do edificio principal de servizos e accesos, unha zona acuática infantil, área de tobogáns e piscinas.

Con respecto á zona deportiva, cómpre salientar que a semana pasada se recepcionou a obra relativa á substitución do pavimento da pista de atletismo, ampliación dos fosos de caídas de saltos, relocalización dos círculos de lanzamento de peso, reconstrución da ría de obstáculos, acondicionamento de determinados espazos e dotación de equipamento deportivo, que contou cun orzamento de máis de 405.000 euros e que será homologada nas vindeiras datas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA TRES NOVOS PROXECTOS MUNICIPAIS DE CARÁCTER ESTRATÉXICO NA PROVINCIA DE OURENSE CUN INVESTIMENTO DE 1,6 M€

- O Consello do Goberno galego abordou as propostas aprobadas na convocatoria de 2025 en Barbadás, Carballeda de Valdeorras e Toén, que se suman ás xa feitas en Ribadavia, Cortegada e Verín no marco da orde do ano pasado
- O conxunto das colaboracións autonómicas ao abeiro das ordes de apoio ás administracións locais suma no período 24-25 máis de 14,5 M€ para a materialización de 335 propostas

A Xunta destina 1,6 millóns de euros ao impulso a tres novos proxectos municipais de carácter estratéxico na provincia de Ourense a través do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local (FCL) específico para estes investimentos, segundo o informe presentado hoxe no Consello do Goberno galego sobre as medidas de apoio ao eido local. Trátase das propostas presentadas polos concellos de Barbadás, Carballeda de Valdeorras e Toén, que se suman ás xa materializadas por Ribadavia, Cortegada e Verín no marco da orde do ano pasado.

Así, Barbadás ampliará e reformará o polideportivo municipal, cun enfoque integral que combina o aumento de capacidade funcional, a mellora da eficiencia enerxética, a accesibilidade universal e a integración paisaxística do edificio. Esta intervención, orzada en 1,2 millóns de euros, dos cales a Xunta financia a metade, supón un paso decisivo na consolidación deste equipamento como referente comarcal no eido deportivo e sociocomunitario.

Pola súa banda, Carballeda de Valdeorras mellorará a estrada municipal que vai de Casoio a Riodolas, estratéxica ao dar acceso a numerosas canteiras de lousa que abastecen de materia prima as empresas de elaboración e transformación de lousa situadas no municipio, o que facilita, deste xeito, a mobilidade aos máis de 2.000 traballadores directos no sector do municipio. O custo da iniciativa ascende a 708.000 euros e o 50 % será achegado polo Goberno galego.

A maiores, Toén contará cunha infraestrutura deportiva moderna e accesible da cal en día de hoxe carece. O campo proxectado cumpre requisitos técnicos para acoller competicións oficiais de fútbol 11 e fútbol 8, o que permitirá atraer equipos, escolas e público de toda a comarca. As instalacións serán utilizadas non só polos equipos locais, senón tamén por equipos externos. Así mesmo, a través de actividades escolares, beneficiaranse estudantes procedentes de municipios lindeiros. Prevese un gasto superior aos 1,4 millóns de euros, dos cales 700.000 serán asumidos pola Xunta.

Beneficiarios en 2024

Estes tres proxectos súmanse aos de ampliación e reforma das instalacións deportivas de Ribadavia e de Cortegada, con achegas autonómicas de 643.000 e 255.000 euros, dos 1,2 millóns de euros e 600.000 euros orzados, respectivamente, e á mellora da liña de auga e da eficiencia enerxética da estación depuradora de Verín, con 664.000 euros do Goberno galego, o 50 % dos 1,3 millóns de euros investidos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cómpre lembrar que a través desta orde, posta en marcha en 2024 e dotada con 8,5 millóns de euros en cada convocatoria, o Goberno galego apoia o impulso de iniciativas que transcenden o ámbito municipal e que contribúen a fomentar a economía e a industria dos concellos galegos e a transformar de maneira transversal outros ámbitos como o turismo, o deporte ou o ambiente.

Outras liñas de apoio

O conxunto global das achegas autonómicas a proxectos municipais na provincia ao abeiro das distintas liñas supera os 14,5 millóns de euros no período 2024-2025 e facilitaron a materialización de 335 propostas relacionadas coas infraestruturas, os servizos e a contorna natural.

Así, preto de dous millóns de euros destináronse a 60 proxectos de mellora de infraestruturas de uso público e 3,1 millóns para 125 iniciativas enmarcadas nos obxectivos do Fondo de Compensación Ambiental. As colaboracións específicas para 31 melloras relacionadas coa eficiencia enerxética conфинanciadas con fondos Feder ascenderon a tres millóns de euros, ao igual que o fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local para concellos de menos de 15.000 habitantes, co que se impulsaron 56 propostas.

A Xunta busca así favorecer a mellor calidade nas infraestruturas e na prestación de servizos municipais a toda a poboación galega, con independencia do seu lugar de residencia, garantindo o equilibrio territorial.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA INSTARÁ OS GOBERNOS DE ESPAÑA E PORTUGAL A ACELERAR A AUTORIZACIÓN DA AECT DA RAIÁ SECA

- A nova agrupación, constituída o pasado maio, está pendente de resposta dos ministerios competentes para comezar a actividade
- Esta creación culminou un proceso de articulación institucional da fronteira galego-portuguesa, sumándose ás AECT Galicia-Norte de Portugal, Chaves-Verín e Río Miño

O Consello da Xunta analizou hoxe o informe sobre os avances na constitución da Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT) da Raia Seca e Gêres-Xurés, tras a sinatura, o pasado maio, dos estatutos de desenvolvemento por parte das entidades participantes, a Deputación de Ourense e as Comunidades Intermunicipais do Alto Miño, do Cávado e do Alto Tâmega e Barroso. Segundo se puxo de manifesto, o texto foi enviado aos ministerios competentes, no caso de España, o Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática, sen que se recibise resposta.

Por este motivo, a Xunta incluírá este tema nos asuntos para tratar na próxima reunión da Comisión Luso-Española para a Cooperación Transfronteriza (CLECTF), prevista para o 30 de outubro en Portugal, nun documento consensuado coa Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional (CCDR) Norte en preparación do Cumio Ibérico deste ano.

O obxectivo é instar ambos os gobernos a que aceleren a autorización da AECT da Raia Seca e Gerês Xurés, como paso histórico para incrementar a cooperación con Portugal, en especial na contorna da Baixa Limia e da Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés.

Sínálase, ademais, que esta iniciativa parte dunha base moi sólida, xa que as institucións que a conforman levan colaborando dunha maneira coherente e activa desde hai 30 anos. Como mostra, destácase a creación neste territorio do primeiro parque transfronteirizo da Península –tamén un dos primeiros de Europa– e a súa posterior transformación na primeira reserva da biosfera transfronteiriza no ámbito ibérico.

Territorio de colaboración estruturada

O nacemento desta nova AECT, que se suma ás agrupacións Galicia-Norte de Portugal, Chaves-Verín e Río Miño, culminou un proceso de articulación institucional da fronteira galego-portuguesa, converténdoa nun territorio de colaboración estruturada con instrumentos xurídicos, políticos e técnicos ao servizo da cidadanía. Este fito consolida a Eurorrexión como un referente europeo, promovendo un desenvolvemento inclusivo e sostible que beneficia a cidadanía, empresas e administracións de ambos os lados da fronteira.

Segundo se sinala no informe abordado hoxe, ademais de fortalecer a cooperación transfronteiriza, a AECT da Raia Seca e Gêres-Xurés facilitará a captación de fondos europeos a través de programas como POCTEP 2021-2027, que destina 320 millóns de euros á cooperación de España e Portugal. Nesta liña, permitirá captar recursos para a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Reserva Gerês-Xurés, complementando proxectos como Ecotur Unimiño ou Eurocidade 2030.

Incídese tamén na súa relevancia como modelo de gobernanza multinivel e no impacto socioeconómico, ao facilitar proxectos en sectores clave como turismo, enerxía, cultura e mobilidade, combatendo a despoboación e promovendo o desenvolvemento sostible. Así, no caso da Raia Seca reforzarase a economía rural na Baixa Limia e Alto Tâmega.

A nova agrupación abarcará máis de 3.100 quilómetros cadrados e máis de 72.000 habitantes, integrando 13 concellos galegos co apoio da Deputación de Ourense, así como as rexións portuguesas do Alto Miño, Cávado, Alto Tâmega e Barroso.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA A MELLORA DO ABASTECIMENTO E DO SANEAMENTO NA PROVINCIA DE OURENSE CON INVESTIMENTOS DE 8,5 M€ EN ACTUACIÓNS XA EN MARCHA OU COMPROMETIDAS

- O Goberno galego, a través de Augas de Galicia, traballa da man dos concellos en varios proxectos que se atopan en diferentes fases de execución, deseño e licitación
- A posta a punto da estación depuradora de San Cristovo de Cea e a renovación da tubaxe de abastecemento entre Boborás e Leiro son dúas das intervencións máis importantes que se prevén licitar en breve, cun orzamento total de 2,1 M€
- Tamén se están a ultimar os detalles das obras para modernizar os sistemas de subministración e depuración de augas residuais en Boborás, por un importe de 0,9 M€
- Estas actuacións dan continuidade aos 55,4 M€ investidos por Augas de Galicia desde 2010 nas redes de saneamento e de depuración da provincia e aos 7,8 M€ concedidos a concellos ourensáns a través das liñas de axudas dos últimos 5 anos

A Xunta avanza na mellora das redes de abastecemento e de saneamento en concellos de Ourense a través da planificación e execución de 11 intervencións hidráulicas de calado e de varias obras de menor envergadura pero que teñen un impacto notable no funcionamento destes servizos. O investimento total estimado para a execución deste paquete de actuacións na provincia ascende a 8,5 millóns de euros, contía cofinanciada con fondos propios (aproximadamente nun 51 %), europeos e municipais.

Deste xeito, búscase mellorar a xestión dos recursos hídricos da provincia e o seu estado ambiental, o que favorecerá tamén o desenvolvemento de actividades económicas ligadas a eles, como a pesca ou o turismo, e o benestar e calidade de vida da poboación.

O Consello tomou razón hoxe dun informe sobre as intervencións e proxectos de maior calado cos cales o Executivo galego —a través do organismo público Augas de Galicia— ten previsto garantir e optimizar, a curto e medio prazo, a prestación dos servizos hidráulicos básicos en Ourense, así como mellorar a preparación de determinadas zonas ante eventuais inundacións e outros efectos ligados ao cambio climático.

Entre eles, inclúense actuacións en distintas fases de tramitación, deseño e execución. En concreto, as intervencións actualmente en marcha nesta provincia suman 800.000 euros e son todas elas obras menores ou destinadas a avanzar na dixitalización das distintas fases do ciclo da auga.

Por outra banda, Augas de Galicia tamén ultima os proxectos construtivos ou ten listas para licitar a curto prazo as obras doutras 11 actuacións, cun investimento global estimado en 7,7 millóns de euros e das cales destacan sobre todo seis.

Así, cómpre citar a posta a punto da estación depuradora de augas residuais (EDAR) de San Cristovo de Cea, comprometida a comezos deste ano cun investimento de 1,1 millóns e que permitirá corrixir as deficiencias técnicas que presenta a actual

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

infraestrutura, así como dotala de sistemas tecnolóxicos que garantan un funcionamento automatizado e eficiente; ou a mellora do abastecemento e do saneamento nos núcleos da Grova e As Chabolas, en Ribadavia, con 1,4 millóns de euros para impulsar a primeira fase dunha actuación con que se busca mellorar a subministración nestas zonas e renovar a rede de saneamento, actualmente obsoleta.

Outra actuación igualmente destacada na provincia é a renovación de infraestruturas hidráulicas básicas na parroquia de Laias, en Cenlle, cun investimento previsto de 500.000 euros para resolver os problemas de abastecemento e de saneamento que sofre esta zona por mor da antigüidade e continuas avarías das súas redes.

Por último, a entidade pública empresarial está ultimando a licitación doutros tres proxectos hidráulicos en municipios de Ourense. A primeira destas actuacións —con 900.000 euros de orzamento— centrarase na renovación dos sistemas de abastecemento e saneamento na travesía da Almuzara, na N-541, en Boborás, bastante envellecidos e que presentan filtracións e un funcionamento deficiente, ademais de carecer dunha rede de pluviais efectiva que evite a sobrecarga da fosa séptica existente.

Tamén se renovará con 1 millón de euros a tubaxe de abastecemento entre Pazos de Arenteiro e a ETAP de Leiro (concellos de Boborás e Leiro), que ten máis de 30 anos de antigüidade e que sofre roturas frecuentes que xeran cortes na subministración, afectando adegas e servizos municipais.

A terceira obra comprometida e de próxima licitación beneficiará a parroquia de San Lourenzo de Fustáns, en Gome sende (500.000 euros). O reto neste caso é garantir unha subministración de auga potable á poboación estable e eficiente, substituíndo os materiais deteriorados e obsoletos dunha rede antiga e que soporta unha presión excesiva por outros mellores e capaces de operar con elementos de control e mantemento da rede.

Máis de 63 M€ nos últimos anos

Todas estas obras supoñen avanzar e garantir para o futuro a colaboración mantida nos últimos anos entre Augas de Galicia e os concellos ourensáns para optimizar os servizos relacionados coa auga, algo esencial para levar a cabo estas actuacións xa que a planificación e a execución conxunta permiten que se primen as obras máis necesarias e se fagan realidade, optimizando recursos e mellorando a eficiencia das infraestruturas.

De feito, nos últimos anos a Xunta participou en obras de grande envergadura para mellorar as infraestruturas hidráulicas da provincia ourensá.

Este compromiso non só inclúe o cofinanciamento, senón tamén a colaboración estreita coas administracións locais; executáronse desde 2010 obras de abastecemento e saneamento por un importe total de 55,4 millóns de euros.

Neste sentido, entre os principais fitos cómpre destacar a posta en servizo da estación depuradora de augas residuais de Carrás, no Carballiño, cun investimento de case 7 millóns de euros e que dá servizo a máis de 6.500 persoas, a mellora da rede de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

abastecemento á Mancomunidade de Allariz-Taboadela, á cal se destinaron 3,1 millóns; e a obra acometida para resolver os problemas de subministración dos concellos de Punxín, Cenlle e San Amaro a través da ETAP de Razamonde, con case 3 millóns de inversión.

Esta vontade de colaboración, en todo caso, tamén se traduciu en axudas económicas destinadas a mellorar as infraestruturas existentes, a manter a prestación duns servizos de calidade e mesmo a prepararse ante situacións de emerxencias como posibles secas.

Así, nos últimos cinco anos Augas de Galicia concedeu nesta provincia achegas por un importe total de 7,8 millóns de euros —2,8 millóns con cargo ás axudas convocadas este ano—, coas cales contribuíu a que os concellos beneficiarios estean hoxe mellor preparados para abordar os retos de futuro no eido da xestión da auga.

Colaboración cos concellos

Tanto as actuacións xa executadas como as que están en obras ou en preparación nesta provincia teñen un impacto directo na calidade de vida dos ourensáns, especialmente en aspectos relacionados co saneamento, a depuración das augas residuais, a protección ambiental coidando do estado das masas de auga e a garantía do abastecemento.

A mellora das infraestruturas hidráulicas, en todo caso, non só garante unha subministración de auga de mellor calidade, senón que tamén mellora os ecosistemas acuáticos e axuda a reducir os riscos ambientais e para a saúde, proporcionándolle un maior benestar á cidadanía e un contorno máis seguro e sostible en que vivir.

De feito, Augas de Galicia avanza na súa colaboración coas entidades locais —que son as competentes en materia de abastecemento, saneamento e depuración— para contribuír a profesionalizar a xestión da auga, garantir o bo estado ecolóxico dos ríos e das rías da Comunidade e a mellorar a calidade duns servizos que son básicos para a cidadanía.

Así, ese compromiso cos Gobernos locais plasmouse este ano no orzamento global de Augas de Galicia, cun total de 144 millóns de euros, e manterase en 2026 para optimizar o saneamento e o abastecemento mediante a mellora das infraestruturas, a divulgación e a execución de políticas activas de resposta ao cambio climático no eido hídrico.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A V ENQUISA DE CONVIVENCIA CONFIRMA UNHA DÉCADA DE MELLORA DO BO CLIMA NAS AULAS GALEGAS

- Educación eleva ao Consello da Xunta os resultados da consulta do maior estudo deste tipo que se fai en Galicia, no cal se procesaron 43,3 millóns de datos
- Ao redor do 88 % das persoas enquisadas consideran que non existen conflitos ou só existen de maneira puntual e non representan un problema significativo
- O 86,61% das familias declara estar satisfeitas co centro escolar dos seus fillos, nivel que se eleva ao 90 % nos alumnos de primaria e no profesorado
- É a primeira vez que Galicia conta cunha radiografía completa da situación da convivencia escolar que abrangue dez anos seguidos entre 2015 e 2025
- A Xunta reitera a tolerancia cero fronte ás condutas contrarias á convivencia e apela ao compromiso colectivo para seguir actuando de xeito áxil e eficaz ante calquera caso
- Os datos avalan que as medidas impulsadas nos últimos anos resultan eficaces para consolidar os centros educativos como contornas seguras para o alumnado

O bo clima de convivencia nas aulas consolídase ao longo da última década, tal e como se reflicte no informe de resultados da V Enquisa de diagnose da convivencia 2025, que bianualmente desde 2015 realiza a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP e cuxos datos foron analizados hoxe no Consello da Xunta. Así pois, é a primeira vez que Galicia conta cunha radiografía completa da situación da convivencia no sistema educativo que abrangue os últimos dez anos.

Logo deste período no cal se puido seguir a evolución dunha maneira sistemática, os resultados constatan que, durante este tempo, a convivencia nas aulas galegas evolucionou de forma moi positiva, consolidando boas prácticas e reforzando a participación activa de toda a comunidade educativa. Así mesmo, mantense o alto grao de satisfacción en xeral das familias cos centros educativos dos seus fillos e fillas e todos os colectivos entrevistados (familias, persoal docente, alumnado e persoal non docente) coinciden en apuntar que apenas existen conflitos nas aulas.

Os datos avalan, por tanto, que as medidas impulsadas nos últimos anos resultaron eficaces para consolidar os centros educativos galegos como contornas seguras para o alumnado. Non obstante, desde a Administración autonómica reitérase a tolerancia cero e apélase ao compromiso colectivo fronte ás condutas contrarias á convivencia para seguir actuando con eficacia e dilixencia ante calquera caso que se produza.

Neste senso, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP vai seguir implementando accións concretas e medidas específicas para que a comunidade educativa dispoña de ferramentas axeitadas nesta tarefa colectiva. Non en balde, este curso habilitouse o Termómetro acoso escolar, unha aplicación á disposición dos centros que contribuirá a unha mellor detección e prevención de posibles situacións de conflito. E tamén este ano se vai pór en marcha a nova Rede de concellos contra o acoso escolar, no marco do Plan integral contra o acoso e o ciberacoso escolar, que se está ultimando coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Evolución da mellora da convivencia

En concreto, a percepción de mellora observada en todos os grupos enquisados medra ao redor dun 20 %, o que confirma que as medidas levadas a cabo para consolidar os centros educativos como lugares seguros foron eficaces.

A porcentaxe máis alta de percepción de mellora concéntrase nas familias, cun 73,5 % (son 28 puntos máis que o 46,3 % rexistrado na enquisa de 2015) e do persoal de administración e servizos (o 74,14 %). Case o 66 % do profesorado tamén manifesta que a convivencia mellorou na última década (en 2015 afirmábo o 52 %) e preto do 61 % do alumnado que cursa ensinanzas postobrigatorias.

Cómpre salientar, ademais, que a inmensa maioría das familias (o 86,61 %) se declara satisfeita co centro escolar en que estudan os seus fillos e fillas, porcentaxe de satisfacción que acada o 90,6 % no caso do alumnado de primaria e do 90,5 % no caso do profesorado.

No que atinxe aos conflitos que se producen nos centros escolares, arredor do 88 % dos enquisados afirma que non existen conflitos ou, de existiren, ocorren de xeito puntual e entenden que non representan un problema significativo. Cómpre destacar que neste apartado practicamente a totalidade do alumnado que cursa ensinanzas postobrigatorias (en concreto o 99 %) destaca a ausencia de conflitos.

Sobre os aspectos positivos da convivencia, o alumnado destaca, sobre todo, respectar o horario (o 79,21 %), respectar o profesorado (78,27 %) e respectar as normas de convivencia (o 76,49 %).

Conflitos e espazos onde se producen

Pola contra, como conflitos principais, máis do 40 % do alumnado de ensinanzas obrigatorias cita chegar tarde á clase, non deixar dar clase e agredir verbalmente, mentres que o alumnado de ensino postobrigatorio sinala o de chegar tarde á clase e faltar á clase sen causa xustificada. En ambos os grupos, menos do 10 % apunta o acoso e o ciberacoso como un conflito principal no seu centro.

Sobre os espazos de conflitividade, o alumnado de 5º e 6º de primaria e de ESO sinala os recreos como os momentos de máis conflitividade e no caso das ensinanzas postobrigatorias citan os arredores do centro como o lugar onde tenden a xurdir conflitos con máis frecuencia. Todos eles coinciden en que nos aseos, no transporte escolar ou no comedor apenas se producen situacións conflitivas.

Condutas negativas á baixa

Segue medrando tamén a porcentaxe de alumnado que afirma non ter padecido condutas negativas, en xeral un 75,5 % fronte ao case 73 % da enquisa anterior de 2023. A mellora do clima escolar dáse especialmente nas ensinanzas obrigatorias, co 74,16 % fronte ao 71,3 % de 2023, mentres que nas ensinanzas postobrigatorias é do 81,47 %.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así mesmo, mantense estable a porcentaxe de estudantado que declara non manter condutas negativas. Deste xeito, afirman non ter este patrón de comportamento o 85,58 % dos alumnos de ensinanzas obrigatorias (en 2023 era o 84,41 %) e o 88,89 dos de postobrigatorias (en 2023 era o 89,89).

Os alumnos que declaran ter padecido estas condutas sinalan como as máis habituais que os insultaron (9,24 %), que se riron deles (8,12 %) ou que se meteron con eles (7,56 %).

Na mesma liña que na última enquisa, a maioría das familias consultadas, preto do 80 %, afirma que os seus fillos e fillas non participaron en situacións que poidan afectar negativamente outras persoas nin foron autores/as deses comportamentos.

Resolución pacífica

A resolución pacífica dos conflitos constitúe un factor de calidade na educación e un aspecto moi relevante na mellora da convivencia escolar e neste apartado cómpre destacar o papel do profesorado titor. Non en balde, a forma máis habitual de resolución de conflitos que adopta o alumnado é falando coa persoa titora individualmente (60,92 %).

Pola súa banda, a maioría do profesorado consultado (o 87,9 %) manifesta que adoita resolver os conflitos dialogando para intentar chegar a acordos ou tratando o conflito entre todos e todas (77,2 %). No caso das familias, máis dun 90 % das familias consultadas afronta a resolución de conflitos acudindo ao profesorado.

Esta enquisa bianual é o maior estudo que se fai en Galicia nesta materia e ten unha fiabilidade do 99 %. O cuestionario dirixiuse ao profesorado, alumnado a partir de 5º de primaria ata bacharelato e FP, persoal non docente e familias. Participaron 164.884 persoas e procesáronse 43,3 millóns de datos, un 133 % máis que os manexados en 2015.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CENTRO EDUARDO BARREIROS CONVÉRTESE NUN REFERENTE DA INNOVACIÓN DA FP EN ESPAÑA CO DESENVOLVEMENTO DE PROTOTIPOS E A CREACIÓN DE PATENTES E EMPRESAS

- Logo de tres anos desde a súa apertura, ten 14 proxectos en marcha e forma parte dunha iniciativa internacional de impulso da FP en enerxías renovables mariñas
- Ata o momento impartíronse na súa sede de Ourense máis de 280 actividades de formación de alta especialización, con máis de 4.800 prazas e 4.100 horas
- O centro recibiu a visita de máis de 2.000 persoas de centros educativos, institutos e empresas de España e países como Lituania, Turquía, Reino Unido ou Portugal

O Centro Galego da Innovación da FP Eduardo Barreiros, con sede en Ourense, está a consolidar a súa actividade como motor da I+D+i nestas ensinanzas e, logo de tres anos en funcionamento, lógrase posicionar como un referente en España co desenvolvemento de prototipos, do rexistro da primeira patente e da creación da primeira empresa a partir do traballo do alumnado. Así se desprende do informe analizado hoxe no Consello da Xunta, no cal se fai balance da súa actividade e se afonda nos retos de futuro.

Nos tres anos desde a súa apertura, xa se obtiveron resultados significativos nas diferentes áreas, liderando proxectos de innovación e investigación que contribúen ao desenvolvemento de sectores punteiros da economía galega e mellorando os procesos produtivos. En concreto, actualmente ten 14 proxectos en desenvolvemento e forma parte doutro a nivel internacional para o impulso da FP en enerxías renovables mariñas. Ademais, o centro rexistrou xa, como modelo de utilidade, a primeira patente, e están en desenvolvemento 24 prototipos co apoio da Área de Emprendemento Industrial.

Así mesmo, impartíronse no Eduardo Barreiros xa máis de 280 actividades de formación de alta especialización, con máis de 4.800 prazas e 4.100 horas, e o centro recibiu a visita de máis de 2.000 persoas de centros educativos, institucións e empresas referentes dos sectores produtivos, procedentes de diferentes puntos da xeografía española e de países como Lituania, Turquía, Reino Unido ou Portugal.

Investigación e innovación

Das catro áreas do centro, a de investigación e innovación ocúpase do desenvolvemento dos proxectos de innovación aplicada e metodolóxica. No caso dos de innovación aplicada, hai catro iniciativas novas. En concreto, o proxecto Frouma, de deseño dun vehículo non tripulado de pensamento autónomo con IA para tarefas forestais; Iterbalmes, de tratamentos con barro de Niñodagua e augas termais para dar solucións a cada tipo de pel; a creación dun espazo de alta especialización en ciberseguridade dotado coas últimas tecnoloxías, e Enocitrometría, de deseño dun citómetro virtual enolóxico que permita a práctica desta técnica ao alumnado de FP e ás adegas galegas.

Súmanse ás outras catro iniciativas que están en curso no centro, de economía circular do ciclo da auga, aumento da autonomía do vehículo eléctrico (Favegal), de deseño de experiencias gastronómicas inmersivas e multisensoriais de alto valor engadido (Enogastronomía 5.0) e de creación de xemelgos dixitais para o sector industrial

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No que atinxe aos proxectos de innovación metodolóxica, hai catro iniciativas. Unha delas céntrase na creación dunha aplicación para análise e deseño de edificios domoticamente intelixentes e outra na orientación profesional integral para axudar o alumnado a tomar decisións informadas. A terceira, Metaverso da FP galega, consiste nun espazo virtual dirixido ás 26 familias profesionais, onde se terá acceso a recursos de realidade virtual, realidade estendida aplicada e programas interactivos. Finalmente, XenIAGal FP é unha plataforma dixital integral que incorpora intelixencia artificial xenerativa, simulacións inmersivas e analítica avanzada de datos. Esta iniciativa aspira a captar fondos no proceso Compra pública de innovación, dada a tecnoloxía que precisa.

Neste eido están en marcha o proxecto Vetinen (Vocational training innovative english) de aprendizaxe de inglés en contornas virtuais e IA, e Emotion FP, de deseño de vehículos enerxeticamente eficientes que compiten en probas para ser testados.

Emprendemento industrial

O Eduardo Barreiros apoia o alumnado e os centros de FP na posta en marcha de proxectos mediante a creación de empresas de base tecnolóxica, como entidade de coordinación, asesoramento e apoio dos retos do programa InnovaTech FP para impulsar o emprendemento tecnolóxico e industrial en contacto coas empresas.

Nas dúas edicións de InnovaTech FP participaron 30 empresas, máis de 1.500 alumnos/as de máis de 100 centros e 380 docentes. Co seu traballo deuse resposta a 30 retos tecnolóxicos propostos polas empresas e rexistrouse a primeira patente dun proxecto xurdido do programa, en concreto de Netclean, un sistema autosuficiente para a xestión de fosas sépticas en contornos rurais que está xa rexistrado como modelo de utilidade.

A maiores, hai outros 24 prototipos en desenvolvemento e cinco emprendedores traballando no espazo de Emprendemento industrial. En concreto, xa están aloxados a empresa RQR, formalmente constituída e dedicada á fabricación de calzado sustentable como resultado do reto proposto por ElPulpo na primeira edición, e o proxecto Escoitatech, en fase de creación tras gañar o reto de Viaqua na segunda edición.

Tamén neste ámbito, o Eduardo Barreiros traballa no proxecto de decreto polo que se regulará a xestión integral dos resultados de investigación e innovación aplicada coa finalidade de garantir a súa axeitada protección. Esta regulación suporá un impulso definitivo á innovación e investigación na FP galega e contribuirá ao avance tecnolóxico do tecido produtivo. Ademais, favorecerá de xeito significativo a pequena e mediana empresa, contribuíndo ao desenvolvemento do rural e á diminución da fenda de xénero.

Formación de alta especialización

A área de formación en alta especialización encárgase de ofrecer e impartir formación ao profesorado de centros de toda Galicia en innovación e en novas tecnoloxías aplicadas á produción e aos servizos, así como en incorporar competencias de sectores

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

produtivos emerxentes no currículo dos másteres de FP. Ata o momento impartíronse máis de 280 actividades de formación, con máis de 4.800 prazas e 4.100 horas.

Neste momento, está a desenvolverse o Plan de capacitación do profesorado de ensinanza profesional 2025/26, que ten como finalidade dotar o profesorado da FP galega das competencias necesarias en metodoloxías punteiras e tecnoloxías de vangarda. Conta con 1.520 prazas, 1.174 horas de formación e 83 actividades.

Comunicación estratéxica e internacionalización

A Área de Comunicación Estratéxica e Internacionalización céntrase en visibilizar o labor do centro como un referente de innovación, formación e emprendemento industrial no ecosistema da formación profesional.

No marco da actividade que desenvolve para o impulso da proxección internacional do centro, estase a desenvolver o proxecto Southern European Community for Offshore Renewable Energy, unha iniciativa europea que crea unha comunidade práctica entre cinco centros de excelencia profesional do sur de Europa (Portugal, España, Italia, Grecia e Chipre) para impulsar a FP en enerxías renovables mariñas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O NOVO INSTITUTO QUE A XUNTA CONSTRUIRÁ EN 2026 NO PEREIRO DE AGUIAR LEVARÁ O NOME DE IES PADRE FEIJOO

- Trátase do primeiro centro educativo que se edifica de cero na provincia desde 2004, cando se levantou o novo edificio do Colexio Irmáns Villar
- Con este nome, homenaxéase un dos maiores representantes da Ilustración, impulsor da reforma educativa e nado precisamente neste concello
- Ao abeiro do Plan de nova arquitectura pedagóxica, a Xunta está a investir máis de 58 M€ en case 700 obras nos centros de Ourense

O novo instituto que a Xunta de Galicia construírá en 2026 no Pereiro de Aguiar levará o novo de IES Padre Feijoo. Será o primeiro instituto neste concello e tamén o primeiro novo centro construído de cero na provincia de Ourense nos 20 últimos anos, pois o último foi en 2004, cando se levantou o novo edificio do Colexio Irmáns Villar da cidade de Ourense. Despois chegaría, máis recentemente, o Centro Galego da Innovación da Formación Profesional Eduardo Barreiros, pero neste caso trátase dun centro de I+D+i.

Desde entón, as principais obras na provincia deste tipo foron a reposición completa do Colexio Amadeo Rodríguez Barroso de Ourense (2010), é dicir, a construción dunhas novas instalacións que substituíron as anteriores, e o novo edificio de Infantil do Colexio Padre Feijóo de Allariz (2015). O novo instituto, que conta por primeira vez con partidas económicas nos orzamentos de 2026, ten un investimento previsto de máis de 9,5 M€. Neste momento o proxecto está na última fase para licitar a obra o vindeiro ano.

Nado no Pazo de Casdemiro do Pereiro de Aguiar en 1676, Benito Jerónimo Feijoo Montenegro foi un dos maiores representantes da Ilustración en España. No marco da súa vida relixiosa beneditina, centrou a súa actividade no estudo e no ensino e foi moi crítico co sistema educativo da época, ademais de denunciar o excesivo peso das supersticións fronte á ciencia. De feito, na súa extensa obra propuxo modificar os estudos introducindo materias científicas e os adiantos dos países máis desenvolvidos do momento, opoñéndose á escola memorística e á pedagogía tradicional do momento. Así mesmo, considérase que ocupou un lugar importante na posta en marcha do proceso que desembocará nas reformas da universidade no reinado de Carlos III.

O novo Instituto Padre Feijoo será deseñado de xeito íntegro con base nos parámetros do Plan de nova arquitectura pedagóxica, cunha superficie de máis de 4.800 m² e capacidade para 380 alumnos/as de ESO e bacharelato, e evitará que se teñan que desprazar a Ourense para cursar estas ensinanzas, como ocorre ata o momento.

Rehabilitación do IES Celso Emilio Ferreiro

Con ocasión do Consello realizado en Celanova, o Consello analizou un informe de balance de obras educativas na provincia ao abeiro do Plan de nova arquitectura pedagóxica entre 2021 e 2025. Precisamente, o IES Celso Emilio Ferreiro de Celanova, que acolle hoxe a reunión do Goberno galego, foi obxecto dunha ambiciosa obra de mellora, cun orzamento de máis de 1 millón de euros, que incluíu o cambio de 237 ventás.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En total, a Xunta está a investir máis de 58M€ en 690 actuacións na provincia. Delas, 38 son grandes obras en distintas fases (rematadas, en execución e licitadas) por un importe de máis de 29 M€; outras sete (205.000 €) son instalacións fotovoltaicas e 637 son pequenas obras do verán, por importe de 13,6 M€. Ademais, hai oito intervencións xa comprometidas cun orzamento de máis de 15 M€, entre elas a do Instituto Padre Feijoo.

Entre as obras de maior investimento, destacan as ampliacións dos institutos IES Xesús Ferro Couselo (Ourense, 2,7 M€) e Manuel Chamoso Lamas (O Carballiño, 2,4 M€), do CEIP Ben-Cho-Shey (O Pereiro de Aguiar, 2 M€) e do IES Eduardo Blanco Amor (Ourense, 1 M€), así como as rehabilitacións integrais do IES Eduardo Blanco Amor (Ourense, 1,2 M€) e IES As Lagoas (Ourense, 1,1 M€), así como a renovación das carpintarías do IES Celanova Celso Emilio Ferreiro (1,1 M€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO AVALÍA AS INVERSIÓNS E PROGRAMAS IMPULSADOS POLA XUNTA NA PROVINCIA DE OURENSE EN ÁREAS COMO POLÍTICA SOCIAL, MEDIO AMBIENTE, ECONOMÍA OU EMPREGO

- O Goberno autonómico destina este ano máis de 5 M€ a actuacións en centros de menores, de atención á discapacidade ou residencias de maiores
- Impulsa actuacións e proxectos por importe de 4 M€ para preservar os tres parques naturais de Ourense e o Complexo Húmido da Limia
- A Xunta da apoio máis dun millar de empresas e emprendedores da provincia a través de diferentes programas

O Consello da Xunta avaliou hoxe varios informes sobre inversións e programas levados a cabo na provincia de Ourense nos últimos anos e neste 2025 en eidos coma o social, o emprego, a economía ou a conservación do patrimonio natural.

Un informe presentado pola Consellería de Política Social e Igualdade revela que o Goberno autonómico está realizar durante este ano diferentes actuacións nos equipamentos que ten na provincia de Ourense que supoñen un investimento superior aos cinco millóns de euros, procedentes de fondos europeos do Mecanismo de Recuperación, Transformación e Resiliencia (MRR). Estas actuacións afectan a centros de protección de menores, residencias de maiores, centros de atención discapacidade e servizos dirixidos ás familias.

Entre estas intervencións, destacan os traballos de remodelación e mellora nos centros de menores de Montealegre, Monteledo, Monfefiz e A Carballeira, que suman preto de 2,5 millóns de euros. Nas residencias de maiores Os Miragres de Barbadás e na do Carballiño invístense 1,7 millóns de euros na redistribución de espazos interiores, a mellora da accesibilidade e a eficiencia enerxética dos edificios.

En canto a equipamentos destinados á discapacidade, resalta a renovación das instalacións do centro especializado na atención a persoas con discapacidade intelectual de Velle, en Ourense, por un importe de 830.000 euros; así como a entrada en funcionamento do novo Centro de Atención a Persoas con Discapacidade (CAPD) da cidade ourensán. Así mesmo, no Punto de Encontro Familiar de Verín, creado no 2024, estase executando o acondicionamento da zona verde coa incorporación dunha zona de xogos infantís e o peche perimetral da parcela.

Por outra banda, continúan as obras da nova residencia pública de Ourense que impulsa a Fundación Amancio Ortega. A súa finalización está prevista para 2026, o que suporá a creación de 120 prazas públicas.

Conservación do patrimonio natural

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por outra banda, a Xunta está a impulsar este ano distintos tipos de actuacións, obras e proxectos que suman investimentos por un importe global de 4 millóns de euros para avanzar na conservación, investigación e mellora do uso público dos tres parques naturais de Ourense (Baixa Limia-Serra do Xurés, O Invernadeiro e Serra da Enciña da Lastra) así como na restauración ecolóxica de dúas importantes zonas húmidas integradas no complexo da Limia.

En concreto, no caso dos tres parques ourensáns trátase dunha vintena de accións que suman 3,1 millóns de euros e se poden dividir en catro grandes grupos aliñados cos obxectivos dos seus respectivos plans reitores de uso e xestión (PRUX): programa de conservación da biodiversidade, a paisaxe e o patrimonio cultural; programa de investigación, seguimento e avaliación; programa de uso público e de divulgación, e programa de mellora das infraestruturas, instalacións e equipamentos.

No caso das zonas húmidas da provincia de Ourense, as actuacións deseñadas e en planificación na comarca da Limia enmárcanse nun programa novidoso e transversal impulsado este mesmo ano para a posta en valor de humidaís nas catro provincias, uns espazos que son parte esencial e distintiva do patrimonio natural de Galicia e serven de ecosistema para unha notable variedade de flora e fauna. Os investimentos máis importantes deste plan autonómico –dotado dun orzamento de algo máis de 3 millóns de euros– realizarase en Ourense.

En concreto, hai dúas áreas de traballo diferenciadas nesta provincia, ambas localizadas na Limia, nun entorno natural cunha extensión de máis de 2.000 hectáreas no que destacan elementos e zonas húmidas de gran valor e distintas dimensións. Por un lado, e cun orzamento de 650.000 euros a executar entre os anos 2025 e 2027, intervírase no complexo húmido A Limia-Antela, un caso paradigmático de transformación drástica dun ecosistema de humidal de gran superficie. Por outro e dentro do mesmo sistema húmido ourensán, acometerase a recuperación ambiental das Areeiras da Limia. Cun orzamento de 300.000 euros, preténdese actuar sobre charcas cun alto valor de conservación, identificadas como areeiras abandonadas (preseleccionáronse 11 como prioritarias en base ao valor de conservación que presentan e ás características xeomorfolóxicas) e en parte actualmente naturalizadas, buscando por medio da súa restauración, favorecer os valores naturais que albergan.

Apoios ao tecido produtivo

No que respecta ao eido económico, á Consellería de Economía e Industria presentou hoxe dous informes sobre dous programas: Conecta Ourense e Galicia Avanza. No caso do primeiro trátase dun programa que, desde a súa creación en 2022, ten acompañado máis de 1.000 empresas da provincia e identificado máis de 450 proxectos con potencial de crecemento e innovación. O obxectivo principal da iniciativa é fortalecer o tecido produtivo ourensán, especialmente no ámbito das pemes, e impulsar a súa capacidade para innovar, dixitalizarse e crear emprego de calidade no territorio.

A través deste proxecto, desenvolvido pola Xunta de Galicia en colaboración coa Confederación Empresarial de Ourense (CEO), promóvese un modelo de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

acompañamento empresarial baseado na proximidade e na cooperación público-privada. A iniciativa conta cun servizo permanente en Ourense e Valdeorras, ademais dun servizo itinerante no rural, que permite achegar asesoramento, información e seguimento integral ás empresas situadas nos concellos máis afastados, favorecendo a igualdade de oportunidades e o equilibrio territorial.

Por outra banda, O Consello coñeceu un resumo das tres primeiras edicións de Galicia Avanza, a aceleradora de internacionalización da innovación galega impulsada pola Consellería de Economía e Industria a través do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) en colaboración co Parque Tecnolóxico de Galicia (Tecnópole). A iniciativa consolídase como o programa de referencia para apoiar ás pemes innovadoras na súa saída ao exterior e reforzar a súa competitividade global.

Desde a súa posta en marcha no ano 2022, máis de oitenta empresas galegas participaron xa nas tres primeiras edicións de Galicia Avanza, procedentes das catro provincias e cun destacado nivel de innovación e proxección internacional. A implantación da aceleradora en Ourense contribuíu a incrementar a participación de empresas da provincia, que xa representan o 33% das beneficiarias na terceira edición, consolidando o territorio como un polo de innovación, emprendemento e internacionalización.

O programa impulsou máis de 1.500 contactos comerciais e 170 reunións con novos socios e clientes, facilitou o acceso a máis de trinta mercados internacionais e contribuíu ao rexistro de 31 marcas e dúas patentes, así como á sinatura de cinco acordos comerciais. Ademais, máis de 450 necesidades empresariais detectadas foron contratadas a un cento de provedores, xerando un efecto tractor no tecido produtivo galego.

Emprego

Dentro da aposta da Xunta pola actividade económica vertebradora do territorio que se seguirá potenciando en 2026 a través da Rede de polos de emprendemento, os catros Polos da provincia de Ourense (Baños de Molgas, O Barco de Valdeorras, O Carballiño e Verín) veñen demostrando un crecemento sostido desde xullo de 2022 cun balance duns 940 proxectos atendidos e dunhas 110 empresas novas creadas no marco dos 15 centros deste tipo que funcionan en toda Galicia. Por sectores, predominan os servizos (22%), seguidos da hostalaría (17%) e do comercio (13%). Cómpre engadir que o 6% destas iniciativas asesoradas son específicas de remuda, é dicir, buscan ser traspasadas por diferentes motivos e o persoal técnico dos Polos traballa para facilitarlles persoas interesadas en facerse cargo delas, favorecendo o mantemento de negocios rendibles. Canto ao perfil das persoas emprendedoras e usuarias dos catro Polos ourensáns, o 57% son mulleres e o 43% homes.

Precisamente ao abeiro da Rede de polos de emprendemento, o ano que vén continuaránse potenciando iniciativas como o proxecto Fixar que desenvolve o Goberno galego en colaboración coa Asociación Cultural Sende cos obxectivos de atraer nómades dixitais ao rural galego e fixar poboación. Esta iniciativa, da que a segunda edición

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

remata este mes, inclúe estadías quincenais das persoas emprendedoras seleccionadas nos espazos coliving implicados, que son Sende (Lobeira, Ourense), Anceu, (Ponte Caldelas, Pontevedra) e iSlow (Laxe, A Coruña).

No caso do ourensán de Sende, nas dúas edicións de Fixar, hospedáronse neste coliving preto de 50 persoas das que arredor do 60% crearon un novo proxecto ou negocio trala experiencia e máis do 90% seguen vinculadas a Galicia. Con Fixar estase creando unha rede para conectar ao total das 140 persoas emprendedoras participantes nos tres colivings da primeira e segunda edición. Ademais, búscase atraer talento e fixar poboación no rural co fin de estender o modelo a máis espazos. Para iso, un elemento fundamental do proxecto son as xuntanzas Fixar, que buscan unir participantes na iniciativa, mentores e persoas interesadas en revitalizar o rural galego. Ata o momento, os resultados acadados indican que o programa está a resultar de grande utilidade para asentar poboación no rural.

Por outra banda, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración distribuíu este ano máis de 5,6 millóns de euros entre 96 concellos ourensáns para posibilitar un total de 331 contratacións de persoas desempregadas en tarefas relacionadas principalmente coa prevención de incendios forestais como a planificación preventiva, a valorización forestal, a silvicultura, a limpeza de montes e a xestión da biomasa. Todo no marco do programa Aprod Rural, do que a provincia de Ourense foi así a máis beneficiada, dentro dun importe global superior aos 14,2 millóns de euros que se repartiron entre 298 municipios galegos para promover un total de 846 contratacións.

Neste 2025, a orde previa a contratación anticipada das persoas traballadoras unha vez realizada a solicitude de axuda, unha opción á que se acolleron na provincia de Ourense de xeito maioritario, concretamente, 51 entidades locais para un total de 181 contratos (en toda Galicia foron 104 concellos e 314 contratos). Outra novidade foi a posibilidade de desenvolver accións formativas –por parte da Xunta e en colaboración coas entidades locais– para as persoas contratadas e relacionadas coa limpeza e mantemento de vías e parcelas, así como de prevención de incendios. Na provincia de Ourense recibiron esas formacións un total de 88 persoas, máis dun terzo do total galego de 253 persoas.

Cómpre engadir que a Xunta seguirá potenciando o programa Aprod Rural en 2026 reforzando o orzamento e poñendo en marcha unha nova liña para a contratación de coordinadores municipais de prevención entre outras novidades co gallo de avanzar da man dos concellos na loita contra os incendios.

Impulso do comercio de proximidade

Co obxectivo de promover o comercio local e de proximidade, a Xunta lanzará en Ribadavia o próximo mes de decembro o proxecto *Vilas Vivas* que se porá en marcha inicialmente en preto dunha decena de locais acondicionados para albergar de xeito efémero diferentes actividades comerciais e artesanais, así como accións de dinamización económica, social e cultural, tras o convenio asinado co Concello ribadaviense cunha achega autonómica de preto de 590.000 euros. A acción, que irá

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

evolucionando co paso das semanas para chegar a máis locais e espazos da vila, farase coincidir no seu arranque coa segunda edición de Artesanía, saber e sabor que, ao igual que o ano pasado, converterá o casco histórico de Ribadavia durante a primeira fin de semana de decembro nun mercado de produtos artesáns e alimentarios.

Esta iniciativa enmárcase no Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030, que conta con tres eixes de actuación prioritaria que se vertebran en 16 medidas e se concretan en 74 accións para as que se destinarán 320 millóns de euros. Concretamente no segundo eixe para a dinamización e visibilidade do comercio e na medida dirixida a impulsar a recuperación da actividade comercial co obxectivo de recuperar contornas urbanas.

Políticas de retorno

En relación cos programas de retorno enmarcados na Estratexia Galicia Retorna 2023-2026, destaca o labor da Oficina integral de asesoramento e seguimento ao retorno de Ourense, que é punto de referencia na atención ás persoas retornadas na provincia. Desde a súa apertura, en decembro de 2019, esta oficina facilitou a integración social, laboral e administrativa de máis de 2.000 familias e atendeu máis de 4.000 consultas. Ademais, desde o ano pasado, a Oficina móbil do retorno visitou preto de 30 concellos rurais de Ourense.

Este traballo consolídase cos distintos apoios impulsados pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para facilitar a inserción sociolaboral. Dende 2018 lévanse beneficiado máis de 1.500 galegos e galegas que, en varios casos retornaron á provincia de Ourense xunto coas súas familias, cun investimento global por parte da Xunta de máis de 5 millóns de euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PLANIFICA MÁIS DE 1.700 NOVAS VIVENDAS EN OURENSE REAFIRMANDO O SEU COMPROMISO NESTA MATERIA COA CIDADE E COA PROVINCIA

- Neste momento, a Xunta, combinando promoción pública, rehabilitación e mobilización de solo, proxecta un total de 1.727 novas vivendas
- O Goberno galego ten en execución 64 vivendas na praza de Cambedo de Raia, en tramitación ambiental o desenvolvemento de solo para 1.640 vivendas no sector Escorial-Vinteún, en Ourense; e en fase de contratación 12 vivendas en solo cedido en San Cibrao das Viñas
- Tamén, ao abeiro do programa Rexurbe, a Xunta ten adxudicadas as obras para pór 11 vivendas en alugamento accesible en dous inmobles en Ourense e 1 en Ribadavia, este último coas obras iniciadas xa a semana pasada
- A Xunta ten convenios por 2,4 M€ en execución para seguir mellorando a calidade urbana e residencial nas catro áreas de rehabilitación da cidade de Ourense: o conxunto histórico; Serra de San Mamede, Cruceiro Quebrado e A Inmaculada; Seixalbo e Polvorín-Camelias-Carballeira
- O Goberno galego continúa traballando para axilizar coa máxima celeridade a tramitación das axudas ás vivendas afectadas polos lumes deste ano; concedéronse xa 42 axudas, 37 na provincia de Ourense, cun investimento de 2,9M€ en total, 2,7 na provincia de Ourense

O Goberno galego continúa a reforzar a súa aposta pola vivenda pública e pola recuperación do patrimonio urbano e rural da provincia de Ourense. En total, a Xunta ten proxectadas 1.727 vivendas, a través de diferentes programas de construción, rehabilitación e mobilización de solo.

O Consello da Xunta deu conta hoxe do informe sobre as principais actuacións en marcha neste momento para impulsar novas vivendas de promoción pública, reafirmando o seu compromiso nesta materia coa cidade e a provincia.

Actualmente, a Xunta ten en marcha a execución de 64 vivendas protexidas na praza de Cambedo de Raia, cun investimento de 13,17 millóns de euros. As obras comezaron no mes de marzo e o obxectivo é telas rematadas cara ao final de 2026.

O Goberno galego traballa en paralelo no desenvolvemento do Proxecto de interese autonómico (PIA) do sector SU1 Escorial-Vinteún, con 16,4 hectáreas e capacidade para desenvolver solo para construír 1.640 vivendas. A redacción deste PIA supuxo un investimento de case 320.000 euros e está actualmente en tramitación ambiental.

Así mesmo, no Concello de San Cibrao das Viñas asinouse o pasado 12 de setembro a acta de cesión de solo urbano consolidado para a execución de 12 vivendas en bloque. Ese mesmo día, a Xunta licitou o contrato para a redacción do proxecto e dirección de obra por máis de 95.000 euros. O investimento autonómico total estimado na construción destas novos fogares estímase que acadará os 2,3 M€.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Programa Rexurbe

Ademais da construción de vivenda pública, outro dos eixes das políticas de vivenda da Xunta está na rehabilitación. Na provincia de Ourense, neste momento baixo este programa ten adxudicadas as obras para rehabilitar 11 vivendas en alugamento accesible en tres inmobles cun investimento total próximo aos 3,8 M€.

Cabe recordar que a cidade de Ourense conta cunha área Rexurbe declarada polo Consello da Xunta o 3 de marzo deste ano. A Xunta investirá 2 M€ nas actuacións de rehabilitación, que inclúen 5 vivendas na rúa Manuel Sueiro 3 (esquina Liberdade 30), e 1 vivenda na rúa Pelaio 9.

Así mesmo, rehabilitaranse 5 vivendas na praza Doutor García Boente de Ribadavia, cuxas obras tamén foron licitadas por 1,8 M€ e foron iniciadas a semana pasado, o xoves día 16 de outubro.

Áreas de rehabilitación integral (ARI)

A cidade de Ourense conta con catro áreas de rehabilitación declaradas ao longo dos anos: o conxunto histórico (1998); Serra de San Mamede, Cruceiro Quebrado e A Inmaculada (2015); Seixalbo (2003), e Polvorín-Camelias-Carballeira (2009).

A Xunta ten convenios en execución nestes ARI para continuar mellorando a calidade urbana e residencial destes ámbitos, por un investimento total de algo 2,4 M€.

Axudas ás vivendas de titularidade municipal

Ourense destaca como unha das provincias máis activas nesta liña de axudas desde o seu inicio. As axudas concedidas supoñen o 40 % do total de Galicia (267) e o 96,9 % do investimento autonómico global, cun importe total de 10,39 millóns de euros.

No ano 2025 concedéronse axudas para 21 vivendas en 15 concellos da provincia, por máis de 1 millón de euros.

Fondo de cooperación para rehabilitación

Desde 2021, a Xunta leva concedidas 21 axudas a concellos da provincia por un valor de 2,93 M€, destinadas á rehabilitación do patrimonio construído. En 2025 beneficiáronse os concellos de Muíños, Baños de Molgas e Cortegada.

Axudas polos lumes de 2025

No informe avaliado hoxe no Consello da Xunta, faise mención específica tamén ao compromiso do Goberno galego para axilizar coa máxima celeridade a tramitación das axudas ás vivendas afectadas polos lumes deste ano, co fin de que as persoas afectadas poidan comezar canto antes a recuperación dos fogares.

Ata o de agora, presentáronse 137 solicitudes, das que 129 corresponden á provincia de Ourense e concedéronse 42 axudas, 37 na provincia ourensá, cun investimento de 2,9M€ en total, (2,7M€ na provincia de Ourense).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Compromiso coa vivenda pública e co rural

O Goberno galego reafirma o seu compromiso coa vivenda pública, a rehabilitación e a revitalización do rural, facilitando o acceso a un fogar digno e accesible e contribuíndo á fixación de poboación nos concellos máis pequenos.

O Executivo autonómico subliña que a través destas actuacións se reflicte a clara vontade de reforzar a cohesión territorial e social, protexer o patrimonio e mellorar a calidade de vida en toda a provincia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA A ATENCIÓN PRIMARIA NA PROVINCIA DE OURENSE CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 30 M€ NA CONSTRUCCIÓN DE NOVOS CENTROS DE SAÚDE

- O Plan de infraestruturas de atención primaria inclúe o impulso de dous centros integrais de saúde na provincia, un no Carballiño, con 10 M€ de investimento estimado, e outro en Ourense, que suporá un investimento de 14 M€
- O Executivo galego avanza na execución dun novo centro de saúde amplo, moderno e accesible na Rúa, cun investimento autonómico de 2,8 millóns de euros
- No mes de novembro comezará a execución dos novos centros de saúde de Muíños e de Boborás, cun investimento de 1,3 millóns de euros e de 1,9 millóns, respectivamente
- A Xunta impulsa a renovación das infraestruturas sanitarias de atención primaria co obxectivo de ofrecerlle á cidadanía uns servizos asistenciais de máxima calidade, con instalacións modernas, accesibles e dotadas con equipamento de última xeración

O Consello da Xunta abordou esta mañá un informe no cal se detalla o nivel de desenvolvemento do Plan de infraestruturas de atención primaria para a provincia de Ourense. Nos proxectos que o Executivo galego ten en marcha prevé investir máis de 30 millóns de euros.

Entre os inmobles sanitarios que a Xunta está a construír na área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, o Centro Integral de Saúde de Ourense destaca como a actuación máis ambiciosa dentro do seu primeiro nivel asistencial, ao estar previsto un investimento de 14 millóns de euros na súa construción. O proxecto, que neste intre está a ser supervisado, permitirá concentrar nun mesmo edificio os servizos de atención primaria ordinarios, a atención sanitaria urxente (PAC) e tamén determinados servizos especializados.

Pola súa banda, o centro de saúde da Rúa é o que se encontra máis avanzado a nivel construtivo, tras botar a andar as obras o pasado mes de xaneiro. Neste caso, e tras un investimento de case 2,9 millóns de euros, as novas instalacións disporán de 3 consultas de medicina xeral, 3 consultas de enfermaría, 1 consulta de docencia, 3 salas polivalentes, 1 de odontoloxía e 1 sala de técnicas. Así mesmo, contará cunha área destinada á atención pediátrica, unha sala de lactación e unha área específica para a saúde da muller.

O Concello de Muíños tamén contará cunha nova infraestrutura sanitaria tras a recente adxudicación das obras do seu novo centro de saúde. Así, e tras consignar un investimento de 1,3 millóns de euros, a Xunta erguerá un inmovible de 460 m² que posibilitará contar cunha área asistencial dotada cunha consulta de medicina, unha consulta de enfermaría e unha consulta polivalente ou de respiratorios. A previsión é poder iniciar a súa construción o vindeiro mes de novembro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Nesta mesma situación está o novo centro de saúde de Boborás, cuxas obras acaban tamén de ser adxudicadas co obxectivo de inicialas tamén neste ano. A Xunta destina un investimento de 1,9 millóns de euros para a súa construción. Unha vez concluído o novo centro, os veciños de Boborás terán á súa disposición un centro de saúde co cal se mellorará a calidade asistencial, ao estar proxectada unha área clínica con 2 consultas de medicina, 2 de enfermaría, 1 consulta da área da muller e 2 salas de tipo polivalente.

O Plan de infraestruturas de atención primaria da Xunta tamén inclúen entre as súas actuacións máis próximas a construción do novo Centro Integral de Saúde do Carballiño, que se estará situado no espazo da antiga estación de autobuses. Neste momento está pendente de adscrición da parcela para usos sanitarios para poder iniciar as actuacións. Unha vez realizado este trámite, a Xunta licitará a redacción do proxecto, que se prevé elaborar o vindeiro ano, e cuxa construción contará cun investimento de preto de 10 millóns de euros. Neste caso, o Executivo ten previsto construír un novo centro de 4.500 metros cadrados, que disporá dun total de 22 consultas que se distribuirán entre as diferentes especialidades asistenciais.

A folla de ruta deseñada para as infraestruturas sanitarias de atención primaria da provincia de Ourense complétase co estudo das parcelas onde se localizarán os futuros centros de saúde de Allariz, Montederramo, Viana do Bolo e de Mariñamansa, na cidade das Burgas.

A Xunta segue a impulsar unha ambiciosa estratexia de renovación das infraestruturas sanitarias co obxectivo de ofrecerlle á cidadanía uns servizos asistenciais de máxima calidade, con instalacións modernas, accesibles e dotadas con equipamento de última xeración.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA PRETO DE 145.000 EUROS ÁS ENTIDADES LOCAIS PARA FINANCIAR OS CUSTOS EXTRAORDINARIOS DOS LABORES DE AUTOCONTROL DAS AUGAS DE CONSUMO HUMANO AFECTADAS POLOS INCENDIOS FORESTAIS

- O Consello da Xunta abordou os convenios de colaboración que a Consellería de Sanidade asinará cos concellos e comunidades de usuarios para realizar estes controis nos abastecementos para consumo humano
- Un total de 135.000 euros irán destinados aos 42 concellos máis afectados polos lumes e preto de 9.000 euros serán para as comunidades de usuarios de abastecemento de auga
- O convenio financiará as analíticas de control que se realicen nos tres primeiros meses desde a extinción dos incendios
- O corpo de farmacéuticos inspectores de Saúde Pública da Consellería de Sanidade está a executar labores de vixilancia e asesoramento a todos os municipios afectados da provincia de Ourense que así o desexen

A Xunta, a través da Consellería de Sanidade, asinará convenios de colaboración con concellos e comunidades de usuarios para financiar os custos extraordinarios dos labores de autocontrol das augas de consumo humano afectadas polos incendios forestais do verán.

Para tal fin, a Xunta destinará preto de 145.000 euros co obxecto de axudar a financiar os custos extraordinarios que lles está a supor a execución das medidas deseñadas polo Executivo galego no marco do Plan integral extraordinario de autocontrol dos abastecementos de auga de consumo humano afectados polos lumes forestais.

As axudas inclúen o financiamento das analíticas realizadas nas primeiras semanas e as posteriores que se fagan nos tres primeiros meses desde a extinción dos incendios.

Do total do investimento, máis de 135.000 euros irán destinados a 42 concellos e a un total de 108 zonas de abastecemento afectadas; e preto de 9.000 euros para as cinco comunidades de usuarios con sete zonas de abastecemento, todas elas dadas de alta no Sistema de información nacional de auga de consumo (SINAC) e incluídas dentro do Programa de vixilancia de augas de consumo humano.

Plan de autocontrol reforzado

Os incendios forestais acontecidos en Galicia durante o verán deste ano afectaron especialmente a provincia de Ourense e tiveron impacto nas zonas de abastecemento de auga para consumo humano.

Isto supuxo a interrupción deste abastecemento nalgúñas zonas, ben pola afectación das infraestruturas ou pola necesidade de aplicar o principio de precaución ante o descoñecemento do grao de afectación provocado polos efectos físicos dos sedimentos e as cinzas que se depositan nas tomas de captación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais deses danos, os incendios forestais poden producir cambios significativos na calidade física, química e biolóxica da auga.

Tendo en conta o exposto, a Consellería de Sanidade puxo en marcha desde o primeiro momento un Plan de autocontrol reforzado das augas de consumo humano por mor dos incendios forestais para os operadores dos abastecementos.

Mediante este plan, o Executivo galego está a protexer a saúde da poboación, intensificando a vixilancia dos sistemas de abastecemento e verificando a calidade da auga. No caso de comprobar alteracións no sistema de abastecemento ou na calidade, realiza unha avaliación acorde cos contaminantes que poidan estar presentes nela.

O plan tamén establece, así mesmo, que aos abastecementos situados na zona do lume ou cunha captación de augas abaixo da zona afectada se lle realizan determinados controis, indicando a súa frecuencia, os parámetros que se deben analizar e o punto do abastecemento en que se debe tomar a mostra.

42 concellos e cinco comunidades de usuarios

Os concellos afectados polos lumes en que a Xunta está a levar a cabo o Plan de autocontrol reforzado das augas de consumo humano por mor dos incendios forestais para os operadores dos abastecementos son un total de 42 e engloban 108 zonas de abastecemento: Avión, Baltar, Baños de Molgas, O Barco de Valdeorras, Beade, O Bolo, Carballeda de Avia, Carballeda de Valdeorras, Castrelo do Val, Castro Caldelas, Chandrexa de Queixa, Cualedro, A Gudiña, Larouco, Laza, Leiro, Maceda, Manzaneda, Melón, A Mezquita, Montederramo, Monterrei, Oímbra, Parada de Sil, Petín, A Pobra de Trives, Ribadavia, Riós, A Rúa, Rubiá, San Xoán de Río, Sarreaus, A Teixeira, Trasmiras, A Veiga, Verín, Viana do Bolo, Vilamartín de Valdeorras, Vilar de Barrio, Vilardevós, Vilariño de Conso e Xinzo de Limia.

Pola súa parte, as cinco comunidades de usuarios de auga con sete zonas de abastecemento en que o Executivo galego está a executar o plan son: Amiudal e Surribas, no concello de Avión; Chandoiro e Celavente-O Bolo, no municipio do Bolo; Carballeda-Carballeda de Avia, no concello de Carballeda de Avia; San Lorenzo e Sobrado, na Pobra de Trives e Roblido, na Rúa.

Nas análises que se realizan nestes tres meses desde o remate dos incendios examínase a cor da auga, o sabor, o olor, a turbidez, a incidencia de E. coli, de enterococo intestinal, de bacterias coliformes, de nitratos, de nitritos, de metais, de hidrocarburos, etc.

Pola súa parte, o corpo de farmacéuticos inspectores de Saúde Pública da Consellería de Sanidade está a executar labores de vixilancia e asesoramento a todos os municipios da provincia de Ourense afectados e no mes de setembro realizáronse máis dun cento de visitas a estas zonas de abastecemento.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 2,8 M€ EN 2026 PARA ACTUACIÓNS NA CATEDRAL DE SAN MARTIÑO DE OURENSE

- O Consello dá conta desta nova achega feita ao abeiro do Plan catedrais de Galicia e que eleva o investimento feito polo Goberno galego neste ben a 6,3 M€ desde 2009
- Actualmente, están en licitación, por máis de 315.000 €, as obras para restaurar o ciborio interior e dotar dunha nova iluminación o templo
- Nos vindeiros meses, iniciaranse os trámites para contratar a redacción do proxecto para reparar as cubertas na torre de San Martiño, nas naves, no cruceiro e no arquivo, cuxos traballos contarán cun orzamento de 2,5 M€

A Xunta de Galicia destinará o vindeiro ano 2026 2,8 M€ para levar a cabo actuacións de restauración na Catedral de San Martiño de Ourense. Así se deu conta hoxe no Consello, onde se informou de que estas actuacións, impulsadas ao abeiro do Plan catedrais de Galicia, elevan o investimento feito neste ben ata os 6,3 M€ desde o ano 2009.

Así, no marco do compromiso da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude cun dos principais templos do Camiño de Santiago, actualmente están en licitación os traballos para restaurar o ciborio interior e dotar o dito elemento dunha nova iluminación. O obxectivo desta actuación, dotada con máis de 315.000 €, é, logo dos resultados obtidos durante a fase de estudo previa, resolver as patoloxías relacionadas coas filtracións de auga e os problemas de humidade que afectan o ben. Así mesmo, buscarase pór en valor este espazo e permitir o uso litúrxico no prebisterio mediante a reordenación da cablaxe e a instalación dun novo sistema de luces.

Para conseguilo, actuarase nos paramentos con tarefas de saneamento e limpeza, eliminación de xuntas deterioradas, renovación do rexuntado, reparación de fendas, fixación de desprendementos ou consolidación e reintegración en zonas concretas. Ademais, están previstos a revisión e o control estrutural no primeiro tramo das naves, a mellora da toma de terra do pararraios e a substitución do pavimento da zona do altar e a limpeza das fábricas interiores da torre do reloxo.

Por outra banda, nos vindeiros meses, iniciarase o procedemento administrativo para contratar a redacción do proxecto para reparar as cubertas na torre de San Martiño, nas naves, no cruceiro e no arquivo. Trátase dunha ambiciosa actuación, que contará cunha partida de 2,5 M€ e cuxos traballos se prevé que se poñan en marcha a finais do ano 2026. Neste caso, a finalidade é substituír as cubertas mellorando o sistema de impermeabilización e deseñar unha nova rede de evacuación de pluviais que garanta as necesidades de evacuación de choiva, así como a saída de augas cara ao exterior das fábricas en situación de incapacidade ou de extrema situación meteorolóxica.

Ambas as dúas propostas, cofinanciadas co programa Galicia Feder 2021-2027, suporán un paso importante no plan deseñado para a conservación da catedral ourensá, na cal se vén intervindo nos últimos anos con diversos proxectos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Posta en valor e conservación do templo

As actuación na basílica ourensá correspóndense coa liña de traballo do Goberno galego destinada a garantir que os bens máis senlleiros da Comunidade estean nas mellores condicións de conservación e mantemento, concretamente con aqueles bens vencellados ao Camiño de Santiago. Así, tomouse como referencia a restauración feita na Catedral de Santiago, punto de partida dun plan que vela, cun orzamento de 38 M€, polo bo estado dos oito principais templos galegos: as catedrais de Santiago de Compostela, Lugo, Mondoñedo, Ourense e Tui, a antiga catedral de San Martiño de Mondoñedo de Foz e as concatedrais de San Xiao de Ferrol e Santa María de Vigo.

No caso da Catedral de San Martiño de Ourense, un dos principais templos da Vía da Prata, desde a Xunta lévase actuando para a conservación do seu valor con distintas intervencións nos últimos anos. Algunhas das máis recentes son as vencelladas á restauración da fachada occidental e da Torre de San Martiño, da vidreira da arcada románica, do brazo norte do cruceiro, do retablo da Asunción, das reixas e púlpitos do altar maior ou da decoración románica. Desde o 2009 tamén se levaron a cabo traballos de reforma do sistema eléctrico e obras de urxencia para paliar certas deterioracións, así como actuacións no nártex, a restauración do pórtico do Paraíso ou do órgano maior.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E A DEPUTACIÓN DE OURENSE REFORZAN A SÚA COLABORACIÓN PARA FOMENTAR UN AGRO SOSTIBLE E PREVER OS LUMES

- O Consello do Goberno galego avaliou hoxe dous informes da Consellería do Medio Rural sobre o impulso ao regadío da Limia e arredor da cooperación para a prevención e defensa fronte os incendios forestais
- En canto ao regadío, no 2026 a Xunta investirá un millón de euros máis dentro dos oito previstos ata 2032 para subvencionar a viabilidade financeira das diferentes actuacións de mellora acordadas coa Comunidade de Regantes, que tamén contan coa cooperación da Deputación
- Sobre a prevención dos lumes, o vindeiro ano darase continuidade ao protocolo para o mantemento e conservación das infraestruturas preventivas e da contorna forestal para a prevención e a defensa contra os incendios forestais, que este 2025 incluíu un investimento conxunto de 4,1 M€

A Xunta, a través da Consellería do Medio Rural, e a Deputación de Ourense reforzarán a súa colaboración cara o futuro a prol da mellora do agro na provincia en ámbitos como o fomento da produción agroalimentaria sustentable ou a prevención e defensa fronte os incendios forestais. Así se puxo de manifesto hoxe no Consello do Goberno galego celebrado na capital ourensá e no que se avaliaron dous informes de Medio Rural sobre estas cuestións.

Desta forma, en primeiro lugar, o Executivo autonómico tomou razón dun informe sobre as actuacións finalizadas e previstas en relación co impulso ao regadío da Limia, un eido fundamental para o desenvolvemento sostible dunha comarca estratéxica e de referencia na produción agroalimentaria en Ourense e no conxunto de Galicia. Cómpre poñer en valor, neste sentido, os sete millóns de euros investidos pola Xunta nos últimos anos para acometer obras de mellora para o regadío, así como a sinatura, en marzo deste ano, dun convenio coa Comunidade Xeral de Regantes Nova Limia, dotado con 8 millóns de euros ata 2032, co fin de subvencionar a viabilidade financeira das diferentes actuacións de mellora.

A través deste esforzo orzamentario será posible levar a cabo as obras de modernización e consolidación do regadío da Limia contempladas no convenio asinado entre a devandita Comunidade de Regantes e a Sociedade Estatal de Infraestruturas Agrarias (Seiasa). Para estas actuacións, a maiores do compromiso da Xunta -que se concreta nos Orzamentos de 2026 cunha achega dun millón de euros, a mesma contía que en 2025-, tamén se conta co da Deputación de Ourense.

Loita contra os incendios forestais

O outro informe do que hoxe tomou razón o Consello da Xunta refírese á cooperación coa Deputación ourensá en materia de prevención e defensa contra incendios forestais. Neste ámbito, ambas administracións veñen colaborando de xeito fluído nos últimos anos, no contexto do protocolo asinado para esta finalidade, que se reforzou este ano. Trátase dun acordo marco para o mantemento e conservación das infraestruturas preventivas e da contorna forestal para a prevención e a defensa contra os incendios

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

forestais, un protocolo que este ano incluía un investimento de 4,1 millóns de euros entre ambas as dúas administracións.

En particular, e entre outras cuestións, adquiríronse catro máquinas multifunción e puxéronse en marcha 16 brigadas de prevención e extinción de incendios por seis meses en catro mancomunidades municipais: a Mancomunidade Intermunicipal Voluntaria do Ribeiro, Terras de Celanova, a da Comarca de Carballiño e a da Comarca de Verín. De cara aos Orzamentos de 2026 está previsto seguir ampliando este protocolo, incrementando o número de mancomunidades beneficiadas e, por tanto, as máquinas e brigadas.